



1983 - 2008

MEMORIA E PROXECTO
ALICERCES PARA MAÑÁ



XXV ANIVERSARIO DE NOVA ESCOLA GALEGA



1983 - 2008

**MEMORIA E PROXECTO
ALICERCES PARA MAÑÁ**



XXV ANIVERSARIO DE NOVA ESCOLA GALEGA

Edita

Nova Escola Galega

Deseño e maquetación

Item-Aga

Impresión

Lugami

D. L.

C 4633-2008

Agradecementos

Co noso recoñecemento ao conxunto de institucións políticas, autonómicas e locais, culturais e entidades sociais, así como aos medios de comunicación, pola súa colaboración ou mesmo apoio ás dinámicas de Nova Escola Galega.

Un recoñecemento que queremos facer extensivo aos directivos/as e traballadores/as de todas as empresas editoras que teñen contribuído a dar soporte ás nosas propostas, singularmente Edicións Xerais de Galicia, Tórculo Edicións, Litonor e Item-Aga, sempre solidarias e comprensivas.

Neste mes de Nadal, sendo o día 13 de 2008, celebramos o acto do 25 aniversario nas instalacións do Museo do Pobo Galego, espazo agarimoso para todos e todas. Boa vista e longa vida para eles/as e máis para nós.

ÍNDICE

1. UN MOVIMIENTO DE RENOVACIÓN PEDAGÓXICA	05
1.1. Ensaio de cronoloxía	
2. FINALIDADES E OBXECTIVOS	19
3. SINAIS DE IDENTIDADE DA ESCOLA PÚBLICA	22
4. VIDA E IDENTIDADE ORGANIZATIVA	24
5. UN ESPAZO DE REFLEXIÓN, DE ELABORACIÓN, DE INTERVENCIÓN E DE DIFUSIÓN PEDAGÓXICA	31
5.1. De reflexión e elaboración documental	
5.2. Temáticas de maior preocupación	
A escola democrática, pública e inclusiva	
A galeguización do ensino	
A reforma do sistema educativo	
A formación do profesorado	
A educación para a paz, a cidadanía e aos dereitos humanos	
A pedagogía da imaxe, os media e o escenario dixital	
A escola no medio rural	
Orientación, tutoría e diversidade	
A educación infantil	
Didáctica da lingua	
Didáctica das ciencias sociais	
Didáctica das ciencias naturais e experimentais	
Materiais didácticos e diversidade. Educacompostela	
5.3. Grupos de traballo	
5.4. Actividades de formacións abertas	
5.5. Elaboración de materiais e recursos documentais didácticos	
5.6. Publicacións periódicas	
5.6.1. Revista Galega de Educación (1986-2008)	
5.7. Participación en campañas e organización de exposicións	
6. RELACIÓNS EXTERNAS E COMUNICACIÓN SOCIAL	62
6.1. Nova Escola Galega e outros colectivos galegos de renovación pedagóxica	
6.2. Nova Escola Galega e a Confederación Estatal de MRPs. Presenza internacional	
6.3. Nova Escola Galega e outras organizacións de Galicia	
6.4. A participación institucional	
7. INICIATIVAS SINGULARES	66
8. EN LEMBRANZA E HOMENAXE DO PROFESORADO. 1936	68
9. ASOCIADOS E ASOCIADAS DE HONRA DE NOVA ESCOLA GALEGA	70
10. MANIFESTO DE NOVA ESCOLA GALEGA LIDO EN COMPOSTELA CON OCASIÓN DOS ACTOS DO XX ANIVERSARIO (2003)	71
11. PROGRAMA CELEBRACIÓN 25 ANIVERSARIO	75

1. UN MOVIMIENTO DE RENOVACIÓN PEDAGÓGICA

Co nome de NOVA ESCOLA GALEGA nacia, o 11 de Xuño de 1983, en Santiago de Compostela, un movemento asociativo de base coa finalidade xeral de impulsar o traballo de renovación pedagóxica e de galeguización lingüística e curricular do sistema educativo de Galiza, por medio da agrupación e cooperación de todos aqueles ensinantes galegos de calquera nivel educativo e de todas as persoas socias e colaboradoras que pretenden contribuír coa súa acción e reflexión á construción dun sistema educativo GALEGO, PÚBLICO E DEMOCRÁTICO, como se sinala no artigo 3 dos seus Estatutos.¹

A Asociación de renovación pedagóxica NOVA ESCOLA GALEGA constituíuse por confluencia organizativa de diversos colectivos de profesores e profesoras que foran nacemento nos finais dos anos setenta para impulsar a renovación didáctica e a galeguización

do ensino en Galiza: Escola Aberta, Avantar, Movemento Cooperativo de Escola Popular Galega², Albe-Galicia e Xilbarbeira, entre outros³, víndose sumar a eles un notábel número de profesores de toda Galiza e dos diversos ciclos educativos.

A Asociación, que conta hoxe cun número próximo aos 400 asociados/as, é na actualidade un dos núcleos máis activos na empresa de reforma pedagóxica en Galiza. Se xa no seu nacemento incorporaba ao seu inicial acervo todo o conxunto de iniciativas emprendidas previamente (experiencias pedagóxicas, publicacións, encontros, materiais didácticos elaborados)⁴ veu significándose por unha continua actividade de promoción de iniciativas enmarcadas pola defensa e construción do modelo de Escola Pública, como sinal de identidade dos movementos de renovación pedagóxica.⁵

XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA

1983 - 2008


1 - Ensinantes que asinaron ou ben a Acta Fundacional de Nova Escola Galega, ou ben a aprobación dos seus Estatutos, ou mesmo os dous documentos en 1983: Antón Costa Rico; Manolo Fernández Domínguez; Agustín Fernández Paz; Antón Lamapereira; Xosé Lastra Muruais; Francisco Martín Iglesias; José A. de Prado; Antón Rozas Caeiro; Mercedes Suárez Pazos, Miguel Vázquez Freire; Jesús Vecino Eiras. No proceso inicial de consolidación interviñeron tamén Ignacio R. Eguibar, Lois Ferradás, Pilar Alexandre e Ramón L. Facal, entre outros.

2 - Como grupo de Pedagogía Freinet en Galicia fundado en 1975 e inicialmente vinculado a unha plataforma estatal: ACIES (Asociación para a correspondencia e a imprenta escolar), que en 1978 pasou a ser o Movemento Cooperativo de Escola Popular (MCEP), que continúa na actualidade.

3 - Tamén se sumaron ensinantes ligados a Lubricán, de creatividade, á Escola Dramática Galega, e a Preescolar na Casa. En troques, non se deu a confluencia, buscada, da Asociación Pedagóxica Galega (ASPG), existente dende 1978.

4 - En diversos lugares como as revistas pedagóxicas As Roladas - 2ª Revista Galega de Educación, en diversas monografías de historia da educación en Galicia e en Costa Rico, A, "A escola que mudou (1961-2000)", Sarmiento, nº 11 (2007) pp. 7-37, contéñense informacións sobre isto.

5 - Diversos grupos de renovación pedagóxica de todo o Estado español comezaron a coordinarse en 1979, a través dos Encontros estatais anuais e de Congresos como os celebrados en Barcelona (1983), en Gandía e en Torremolinos.



XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA

1983 - 2008

Iniciativas presididas por unha permanente apertura aos planeamentos renovadores tanto psico-pedagóxicos como didácticos, terreo este en particular, no que vén ofrecendo pro-

postas de traballo, orientacións e materiais didácticos, que xunto aos libros de texto editados por un amplo número de asociados/as, constitúen un conxunto pedagóxico de singular relevo, en calquera caso de obrigado recoñecemento á hora de facer unha radiografía pedagóxica e escolar do presente galego.

Non menos notábel é a implicación da Asociación como tal ou a través de moitos dos seus asociados e asociadas no impulso á galeguización lingüística e curricular no ensino, con froitos tanto na didáctica da lingua como nas estratexias de galeguización, nas obras de literatura infanto-xuvenil, nos traballos en campos científicos como o das ciencias sociais e o seu tratamento escolar, ou o das ciencias naturais entre outros.

Desde o seu inicio, NOVA ESCOLA GALEGA promoveu a creación de grupos de traballo internos, a celebración de Escolas de Verán para o profesorado, de Xornadas de Preescolar e Ciclo Infantil, de Xornadas de Escola Rural en Galicia, de Xornadas de Normalización Lingüística, de Encontros sobre a Reforma Pedagóxica e de Debate Pedagóxico, de Xornadas sobre Imaxe e Educación, sobre a Sociedade Dixital, sobre a Educación para a Paz, e doutras sobre psicomotricidade e educación física, a organización escolar e outra variada temática. Promoveu a realización dun



alto número de Mesas Redondas e Conferencias, con invitados de recoñecido prestixio no campo das ciencias da educación en todo o Estado Español.

Como xa se vén dicindo, a Asociación prestou e presta particular atención a campos e cuestións como as didácticas da lingua, das ciencias sociais, das ciencias naturais, das matemáticas, a educación física e a psicomotricidade, os medios audiovisuais, a didáctica e o tratamento da educación infantil, a orientación escolar, a escola rural, a normalización lingüística, a historia da educación en Galiza, a educación plástica, a literatura infantil e xuvenil e a educación para a paz, ademais de propiciar a xeración de actividades desta orientación de por parte de diversas institucións e instancias de toda Galiza.


No campo editorial, ademais do notábel número de libros de texto e outros de carácter didáctico editados baixo a autoría de asociados e asociadas a Nova Escola Galega, a través de diversas editoriais, hai que anotar a incursión noutros sectores pertencentes ás ciencias da educación, como poñen de relevo a existencia no pasado dunha colección editorial (“Cadernos de Nova Escola Galega”) con seis títulos editados e a elaboración editorial e promoción da *Revista Galega de Educación*, da que saíron 42 núme-




ros, acadando a ser unha acabada expresión da renovación pedagóxica ao longo dos anos oitenta e noventa e no comezo do século XXI. Ao longo destes vinte e cinco anos Nova Escola Galega veu editando con continuidade (números 1 a 54) o seu *Boletín Interno*, de difusión xeneralizada entre os seus adherentes

XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA

1983 - 2008





XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA

1983 - 2008

e diversas institucións e grupos educativos de todo o Estado; tamén editou o Boletín *Novapaz* de conexión entre aqueles ligados ás actividades relacionadas coa educación



para a paz, así como *Nova Escola Galega Opina* de envío xeneralizado a todos os centros públicos educativos de Galiza, con puntos de vista e orientacións pedagóxicas da Asociación. De igual modo mantén dende 2005 o renovado sitio web www.nova-escola-galega.org

A Asociación pertence á Confederación Estatal de Movementos de Renovación Pedagóxica, cunha constante participación desde o momento da súa constitución, á Coordinadora Galega de Movementos de Renovación Pedagóxica e tamén á Federación Internacional de Movementos de Escola Moderna (FIMEM), recollendo así tanto unha das tradicións que deron paso a Nova Escola Galega, a da pedagogía da Escola Moderna ou Freinet, como a xeral orientación global da dinámica do conxunto da Asociación.

Ademais da implicación docente dos seus asociados e asociadas, tanto na escola infantil, como na primaria, no sector da educación especial, no ensino secundario, na formación profesional e na Universidade (estudos de Pedagogía, Educación social e Maxis-terio), hai que destacar a presenza, ás veces moi significativa, de membros de tal Asociación en Preescolar na Casa, no, noutrora existente, Gabinete da Reforma da Consellaría de Educación, nos Servizos Municipais de Educación de Concellos que dispoñen destes Servizos Educativos, ou noutras iniciativas

editoriais ao servizo da comunicación pedagóxica como foi o caso do Semanario “A Pizarra” de *Faro de Vigo*, ou o Semanario “Na Escola” de *La Región* de Ourense, sen esquecer tampouco a implicación nas publicacións pedagóxicas *Adaxe*, *Sarmiento*. *Anuario Galego da Historia da Educación*, ou en publicacións que como *Encrucillada* ou *Cuadernos de Pedagogía*, prestan unha atención informativa á realidade educativa de Galiza.

Como recoñecemento ao traballo da Asociación, foi declarada “Iniciativa Cultural” sobresaínte do ano 1987 nos recoñecidos Premios da Crítica daquel ano.

Débese sinalar finalmente que, como asociación democrática e plural tamén a ela pertencen ensinantes con implicación sindical en varios dos



sindicatos de traballadores/as do ensino de Galiza. Na procura de ser un instrumento ao servizo da reforma pedagóxica débese salientar mesmo as súas contribucións ao desenvolvemento do movemento de pais e nais e escola en Galiza.

XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA

1983 - 2008



Parte da Comisión Xestora de Nova Escola Galega. Compostela, setembro de 1983. Da esquerda para a dereita: Lois Ferradás, Antón Lamapereira, Mercedes Suárez Pazos, Miguel V. Freire, Paco Martín, Antón Costa, Manolo Fernández, Xosé de Prado e Moncho L. Facal.

- Presentación de Nova Escola Galega en diversas localidades.
- Presenza, participación e incorporación no VI Encontro anual estatal de MRP (Santiago de Compostela).
- Iníciase o debate sobre os principios pedagóxicos e programáticos de Nova Escola Galega para lle dar corpo ao sinalado nos Estatutos.

1985

- Celebración de diversos cursos / Constitución de grupos.
- Homenaxe en Ourense a 8 vellos mestres republicanos e nomeamento como socios de honra, baixo o impulso de Xosé M. Cid.
- Iníciase na Coruña a colaboración coa Federación Provincial de APA de Colexios Públicos.
- Constitúese na Coruña un seminario de pedagogía da imaxe.
- Constitúese unha Comisión de Publicacións e o Consello de Redacción da *Revista Galega de Educación*, baixo a coordinación dos profesores Benedicto García e Manolo Bragado, respectivamente.
- En marzo celébrase en Poio o primeiro “Encontro de debate”.
- Nova Escola Galega rexistra a cifra de 290 asociados/as en abril, pasando a 320 en novembro.
- En xuño celébranse as Primeiras Xornadas Galegas de Preescolar.

1986

- O Comité da FIMEM (Federación Internacional de Movementos de Escola Moderna – Pedagogía Freinet) aproba a nosa incorporación, xunto á do MCEP español.
- Celébranse as Primeiras Xornadas Galegas de Escola Rural.
- Establécese un convenio e un programa de publicacións con Vía Láctea Edicións.
- En outubro celébrase o Primeiro Encontro Galego de Educación para a Paz.
- Entre os diversos grupos de traballo, constitúese un sobre organización democrática de centros educativos.

1987

- Celébrase o Primeiro Encontro de Grupos de traballo de Nova Escola Galega.
- A Revista Galega de Educación iniciada en 1986 acada 412 subscritores e a difusión 800 exemplares.
- Nova Escola Galega recibe un dos “Premios da Crítica” como iniciativa cultural.
- Comeza a colaboración coa Mesa pola Normalización Lingüística.
- Celébrase a Primeira Escola de Verán de NEG con 250 participantes.
- Celébrase en decembro un curso sobre dinámica e animación de grupos de traballo.

Más de 120 maestros utilizan las técnicas Freinet en Galicia

El próximo verano se celebrará en Galicia el "V Congreso de la Escuela Moderna"

SANTAGO. El día domingo 27 de mayo celebrará en este lugar el "Quinto Congreso de la Escuela Moderna", organizado por el "Comité Gallego de Estudios Pedagógicos", dependiente de Nova Escola Galega. Durante este congreso se tratarán temas de actualidad y temas de la escuela, entre los que se incluye el estudio de la "Escuela Moderna de Freinet".

Este congreso de maestros tratará diversos temas pedagógicos, entre los que se incluye el estudio de la "Escuela Moderna de Freinet". Este estudio se realizará a través de la lectura de los libros de Freinet, así como de la participación en actividades prácticas. El congreso será organizado por el "Comité Gallego de Estudios Pedagógicos", dependiente de Nova Escola Galega. Este congreso de maestros tratará diversos temas pedagógicos, entre los que se incluye el estudio de la "Escuela Moderna de Freinet".

EL "V CONGRESO DE LA ESCUELA MODERNA"

Según hemos podido saber en Galicia se celebrará el próximo verano el "V Congreso de la Escuela Moderna", organizado por el "Comité Gallego de Estudios Pedagógicos", dependiente de Nova Escola Galega. Este congreso de maestros tratará diversos temas pedagógicos, entre los que se incluye el estudio de la "Escuela Moderna de Freinet". Este estudio se realizará a través de la lectura de los libros de Freinet, así como de la participación en actividades prácticas. El congreso será organizado por el "Comité Gallego de Estudios Pedagógicos", dependiente de Nova Escola Galega.

Este congreso de maestros tratará diversos temas pedagógicos, entre los que se incluye el estudio de la "Escuela Moderna de Freinet". Este estudio se realizará a través de la lectura de los libros de Freinet, así como de la participación en actividades prácticas. El congreso será organizado por el "Comité Gallego de Estudios Pedagógicos", dependiente de Nova Escola Galega.

Este congreso de maestros tratará diversos temas pedagógicos, entre los que se incluye el estudio de la "Escuela Moderna de Freinet". Este estudio se realizará a través de la lectura de los libros de Freinet, así como de la participación en actividades prácticas. El congreso será organizado por el "Comité Gallego de Estudios Pedagógicos", dependiente de Nova Escola Galega.

1977

XXV ANIVERSARIO DE NOVA ESCOLA GALEGA
1983 - 2008

1988

- Celébranse varios encontros de reflexión sobre a Proposta MEC de Reforma do sistema educativo.
- Constitúese a Mesa dos MRP da Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coa Asociación Socio-Pedagóxica de Galicia (ASPG), Escola Viva e outros, sendo nomeada Josefina Mosquera coordinadora ante a Mesa Estatal de MRP.
- Celébranse en abril as Primeiras Xornadas de Normalización Lingüística no ensino de Nova Escola Galega e pos-

teriormente publícase o documento *Un modelo de normalización lingüística para o sistema educativo galego*.

- Constitúese na Consellería de Educación o Gabinete da Reforma, coa participación de membros de Nova Escola Galega, entre outros.
- Ten lugar en xullo o Primeiro intento de Plataforma pola defensa do ensino público, de Nova Escola Galega.

1989

- É presentado publicamente o documento "Por unha Escola Pública Galega". Edítanse 750 exemplares do texto completo e 2.000 de texto abreviado para a súa difusión nos centros educativos.
- Tamén se presenta o documento *Un modelo de normalización lingüística para o sistema educativo galego*, antecedente do documento colectivo (1989) promovido por NEG con moitas organizacións políticas, sindicais e pedagóxicas, chamado *Modelo de Normalización Lingüística para o Ensino*.

■ Celébrase o VII Encontro de Debate: territorialización e educación.

1990

- Acentúase a colaboración con outras entidades galegas no marco da defensa da escola pública e da galeguización do ensino.
- Celébranse once actividades de encontro por diversos lugares da xeografía de Galicia.

- Pronunciamento crítico, pero favorable, sobre a LOXSE.

- Pronunciamento contra o Decreto de exencións do galego.

1991

- Unha exposición sobre Ferrer i Guardia con ciclo de conferencias recorre varias cidades galegas, co concurso de Nova Escola Galega.

- Celébranse as III Xornadas de Normalización.

- Comeza a editarse o Boletín de Educación para a Paz *Novapaz*.

- Apróbese un documento sobre os Equipos de Normalización Lingüística.

- O grupo de traballo de educación infantil e de primaria de Santiago consolida a súa liña de traballo pedagóxica.

1992

- En xaneiro desenvólvese a campaña “Aprender a xogar, aprender a vivir” contra os xoguetes belicistas.

- Celébranse as IV Xornadas de Educación Ambiental no Barbanza.

- O encarte de educación “Na Escola” que semanalmente publica *La Región* de Ourense, por impulso dos profesores de Nova Escola Galega chega ao seu número 112 despois de máis de dous anos de vida.

- Edítase o fermoso libro *Garabullión* en Ourense.

- Celébrase na Coruña a primeira edición de Pé de Imaxe. Congreso Internacional de Pedagogía da Imaxe.

1993

- Celébranse os Dez anos da Asociación baixo o lema “Unha escola para vivir” con Xosé Ramos como Presidente.

- Asíñase un protocolo de colaboración coa CIG, CCOO e o STEG.

- Celébranse xornadas, entre outras, no Barbanza, nas Terras de Xallas, na Mariña.

- O Grupo Gaia de Educación Ambiental publica unidades didácticas sobre a saúde e a natureza.

- Mediante procesos electivos, membros de Nova Escola Galega acceden aos consellos directivos de seis Centros de Formación Continuada de Profesores.

1994

- Elabóranse considerables documentos sobre o curriculum, a organización escolar e a formación do profesorado.

- Aumenta a participación de asociados en distintos Consellos Escolares (de Galicia, e municipais).

- Co-organizadores do I Congreso Europeo de Educación para a Paz, celebrado en Compostela.

- Celébranse Encontros de Ensinantes no Morrazo e nas Mariñas.

- Constitución da Plataforma polo Ensino Público, con diversas entidades sindicais, cívicas e de renovación pedagóxica, por impulso de Nova Escola Galega.

- Constitúese en Santiago o notable Seminario de Orientación e Tutoría, animado polo profesor Antonio Ermida.



XXV ANIVERSARIO DE
 NOVA ESCOLA GALEGA

1983 - 2008

1995

- Pronunciamento crítico de Nova Escola Galega ante a LOPAGCE.
- Pronunciamento favorable sobre o Decreto para a Galeguización.
- Constitución da Plataforma do Ensino en colaboración coa Mesa pola Normalización Lingüística, con varias organizacións do profesorado.
- O IV Congreso Mundial de Pedagogía da Imaxe reúne 400 participantes.

1996

- Celébrase o X Encontro Galego e III Galego-Portugués de Educación para a Paz.
- Compóñense as Mesas sectoriais de curriculum, escola rural e intercul-

turalismo, en conexión coa Mesa Estatal de MRP.

- Apróbase o documento “Alternativa para a etapa infantil no medio rural galego”.
- Ten lugar en decembro o III Congreso Estatal de MRP en Torremolinos (Málaga), que aproba o documento “Sinais de Identidade da Escola Pública”, con notable participación de asociados/as de Nova Escola Galega.

1997

- Desenvólvese a Exposición itinerante “Construír a Paz / Cultura para a Paz”, con actos poético-musicais e

presentación dun libro e un manifesto en 10 cidades e vilas de Galicia.

■ Sae o primeiro boletín “Nova Escola Galega Opina”, como modo de comunicación que se envía a todos os centros públicos de Galicia.

■ Participación na convocatoria da manifestación en defensa da escola pública, que reuniu en Compostela a miles de persoas en torno á Plataforma pola Defensa do Ensino público, da que Carmela Cons exercía a portavocía.

■ Son presentados dous proxectos ás Institucións Europeas:

- A normalización lingüística no ámbito da educación, Proxecto Europeo de Linguas Minoritarias, coordinado por Xosé Lastra e o Grupo de Normalización.

- Programa para o Desenvolvemento da Educación e a Imaxe, Proxecto PEDEI, coordinado polo Grupo Pé de Imaxe.

■ Edición en galego de *Técnicas Freinet da Escola Moderna*, primeiro texto en galego dun clásico da pedagogía internacional, a través de Edicións Xerais de Galicia.

1998

■ Apoio de Nova Escola Galega á Marcha mundial contra o traballo infantil.

■ Campaña, con Amnistía Internacional e o IGADI, sobre o 50 aniversario da Declaración Internacional dos Dereitos Humanos.

■ A Coordinadora Galega de MRP

elixe a Xosé Lastra, de Nova Escola Galega, como Presidente.

■ Conmemóranse en Bande os 25 anos do reinicio da presenza da pedagogía Freinet en escolas galegas.

1999

■ Apróbase e publícase o novo e importante documento *Modelo de Normalización Lingüística para o ensino*, elaborado polo Grupo de Normalización.

■ Aparece a revista de comunicación infantil *Golfiño*, por impulso do profesor Miguel Vázquez Freire.

2000

■ Aprobación do documento “Os MRP diante do Decreto de Ensinanzas Mínimas”, en colaboración coa ASPG.

■ Celébrase a I Escola de verán de Ferrolterra en Ortigueira.

2001

■ Inicio do programa educativo municipal en Vigo “Aprender a convivir”, por impulso do profesor Suso Jares e do grupo Educadores/as pola Paz.

■ Celébrase en Santiago o Congreso “Materiais curriculares e diversidade sociocultural en Galicia”, organizado polo xermolo do grupo de traballo Cavila.

■ Celébrase en Lugo o Primeiro Encontro Galego de Educadores/as e Orientación, coa coordinación de Alfonso Villares.

■ Elabórase o documento “Tempos escolares, tempos vitais”.



XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA
1983 - 2008

2002

- Debate e documento sobre a Lei de Calidade (LOCE), que será publicado no formato do NEG Opina.
- Co-organización de campaña Corelingua en toda Galicia.
- Implicación educativa nas actividades contra a marea negra do Prestige.
- Celebración de diversos encontros e xornadas.

2003

- Celébrase o XX Encontro Estatal de MRP.
- Desenvolve diversas iniciativas a Mesa Galega de Infantil, constituída por Nova Escola Galega con Preescolar na Casa, Cerotrés e AGAMEI.
- Celébranse as Primeiras Xornadas Ciencia e Territorio para ensinantes en Melide.

- Pronunciamento de Nova Escola Galega ante a supresión de escolas rurais.
- Conmemoración do XX Aniversario de Nova Escola Galega baixo o lema "20 anos facendo escola" e no que se aproba a declaración "Unha escola da cidadanía e a democracia", baixo a presidencia de Francisco Veiga.

2004

- A exposición 20 anos de Nova Escola Galega percorre varias cidades galegas.
- Por impulso do profesor Francisco Veiga e outros asociados constitútese a Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional.
- Ten lugar a II Edición dos Premios de Educación Educacompostela, co-organizados por Nova Escola Galega e o Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela.

**XXII ENCUENTRO: CIUDADANÍA,
DEMOCRACIA Y EDUCACIÓN**

17, 18 y 19 de noviembre de 2006
CONFEDERACIÓN ESTATAL DE MOVIMIENTOS DE RENOVACIÓN PEDAGÓGICA

MRP
confederación

**Centro Social e Xuvenil Municipal do Ensanche
Rúa Frei Rosendo Salvado, 14-16
Santiago de Compostela**

MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y CIENCIA
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONCELLO DE SANTIAGO

XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA

1983 - 2008

■ Celébrase o I Ciclo de Cine e Educación, en colaboración coa asociación *Sine Nomine*.

■ Celébrase en Almagro o Encontro Estatal de MRP conmemorativos do XXV Aniversario dos Encontros.

2005

■ Nova Escola Galega apoia as iniciativas de “Ponte nas Ondas”.

■ Celébrase o “I Congreso Ibérico: A Fenda Dixital”, que impulsan Xesús Rodríguez e Xosé M. Cid.

■ Ponse en marcha o Programa Audiovisual nas Aulas, por impulso do

Grupo Pé de Imaxe.

■ Promóvese a candidatura de Suso Jares aos Premios Unesco de Educación para a Paz.

■ Comeza a iniciativa virtual “Vieiros da Escola” en colaboración coa empresa de comunicación Vieiros.

■ Volve a editarse a *Revista Galega de Educación*, impulsada por Nova Escola Galega, coa dirección do profesor Xesús Rodríguez.

2006

■ Presenza de representantes de Nova Escola Galega no Encontro do

Foro Social Ibérico pola educación celebrado en Córdoba.

■ Comeza a colaboración co Proxecto Terra do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

■ Celébranse as I Xornadas "A Escola: punto de encontro entre o profesorado e os educadores/as sociais".

■ Novo desenvolvemento do sitio web de Nova Escola Galega (www.nova-escola-galega.org).

■ Convócase I Encontro de Debate: "Medio rural galego, a necesidade dunha resposta educativa", coa idea de relanzar o traballo pedagóxico neste ámbito.

■ Iniciativa de colaboración con Brinquedia para promover as relacións interxeneracionais e a recuperación dos xogos populares e tradicionais na escola, con participación de centros escolares de Compostela.

■ Programa de Educación e Convivencia desenvolvido polo Concello de Lugo en colaboración co grupo Educadores/as pola Paz de Nova Escola Galega.

■ Nova Escola Galega organiza en Santiago o XII Encontro Estatal dos Movementos de Renovación Pedagóxica ao que acoden máis de 100 educadores/as de todo o Estado.

2007

■ Coorganización do XXI Encontro Galego-Portugués de Educadores/as pola Paz en Chaves (Portugal).

■ Primeiras Xornadas de Oralidade para Educadores/as.

■ Continuidade de actividades de formación: Ciencia e Territorio de Melide; Encontros de Debate no Medio rural, en Chantada; Escola de Verán en Ferrolterra, sobre a Normalización Lingüística; Congreso Materiais Curriculares; Ciclo Cine e Historia ...

■ Exposición "Recursos e actividades formativas sobre o aproveitamento educativo dos museos", e presentación da publicación sobre o mesmo tema.

■ *Nova Escola Galega Opina* sobre a normalización do galego no ensino.

2008

■ Celebración en Vigo no mes de abril do XX Encontro de Educadores/as pola Paz con actividades socioculturais dirixidas ao gran público; conmemoración dos 25 anos do Grupo Educadores/as pola Paz e homenaxe a Suso Jares (falecido o 28 de setembro).

■ Apoio público para a difusión do "Manifesto a prol da convivencia lingüística e da igualdade de dereitos para o galego", xunto a outras entidades e organizacións.

■ Edición do nº 42 da *Revista Galega de Educación*.

■ Continuidade de actividades de formación: Ciencia e Territorio, en Melide; Xornadas sobre Oralidade, no Pino; Encontros de Debate no Medio rural, na Capela; II Congreso da Fenda Dixital, en Silleda.

■ Conmemoración do XXV Aniversario de Nova Escola Galega, o 13 de decembro.

2. FINALIDADES E OBXECTIVOS

Son obxectivos para Nova Escola Galega:

- A procura e a elaboración de prácticas educativas que tomen en conta todos os aspectos físicos, afectivos, sociais e intelectuais da personalidade das persoas en formación.
- A definición e loita por unhas condicións necesarias para unha pedagogía alternativa orientada desde o Proxecto ou Modelo de Escola Pública que preconizamos.
- A modificación dos perfís profesionais dos educadores, desde a óptica dunha nova profesionalidade afastada de visións tradicionalistas e autoritarias.
- A batalla contra a cultura prefabricada, case sempre imposta aos alumnos e alumnas sen deixarlles a posibilidade de verificar e de comprender criticamente o conxunto de aportes culturais.
- A inculturación galeguizadora e a loita pola normalización lingüística en Galiza.
- A busca dunha concepción curricular e formativa unitaria, interdisciplinar e integradora.
- A procura dunha xestión democrática das institucións educativas, que sexa unha efectiva xestión social anti-autoritaria, anti-burocrática e anti-corporativa.
- A afirmación da laicidade da educación pública ou sostida con fondos públicos, da coeducación, da promoción da igualdade e da integración das diferenzas; é dicir, unha educación efectivamente democrática e democratizadora, como parte dunha sociedade democrática e socialmente avanzada.

Para o logro de tales obxectivos de acción, os Estatutos de Nova Escola Galega trazan as seguintes posibles actividades:

- Contribuír á formación, perfeccionamento e actualización pedagóxica.
- Coordinar as entidades, grupos, e persoas no estudo de todos os aspectos relacionados coa renovación pedagóxica.
- Promover e apoiar iniciativas de experimentación e intercambio pedagóxico.
- Formar e expresar opinións sobre os problemas de ensino e estudar unha liña pedagóxica acorde cun modelo educativo científico e democrático.
- Constituír grupos de traballo de estudo sobre a mellora da educación e a normalización lingüística e cultural.
- Organizar cursos, seminarios, congresos, certames e outras formas de intercomunicación pedagóxica.
- Publicar e difundir as actividades e constituír arquivos de documentación.
- Asesorar ás asociacións, organismos e outras entidades en cuestións pedagóxicas.
- Manter relacións con outras entidades con obxectivos semellantes.
- Colaborar, con criterios de independencia, con entidades relacionadas coa educación.

3. SINAIS DE IDENTIDADE DA ESCOLA PÚBLICA

O modelo de *Escola Pública* que defendemos é un proxecto que cómpre ir construíndo mediante a reflexión e o intercambio de experiencias, favorecendo o debate profesional e social sobre o que significa un ensino público de calidade.

Estas son algunhas das súas notas definitorias

■ Entendemos a *Escola Pública* como un conxunto de institucións e mediacións sociais, organizadas como servizo público gratuíto, para asegurar a toda a cidadanía o goce do dereito á educación.

■ Debe estar financiada publicamente para asegurar unha escolarización gratuíta, total e de calidade para todos e todas, entre os 0 e os 18 anos de idade.

■ Organízase democraticamente. A súa titularidade, a súa xestión e todos os criterios que a informan terán que ser públicos, con autonomía pedagóxica e de xestión.

■ Unha *Escola* investigadora e crítica que se estrutura a partir de proxectos educativos.

■ Unha *Escola* plural, ideolóxica e culturalmente. Un espazo laico e

aconfesional, que non practica o adoutramento e que garante a liberdade de expresión.

■ Unha *Escola* vertebrada por un currículo contextualizado e didacticamente asentado en correctos fundamentos psicopedagóxicos.

■ Un modelo de *Escola Pública* con estrutura de tronco único mediante un sistema pedagóxico coherente, dotado dun corpo único de docentes e educadores con autonomía organizativa para a aplicación do seu proxecto educativo.

■ O carácter público dos centros escolares vén determinado porque a titularidade, a xestión, os obxectivos e as súas actividades sexan públicos, mediante unha organización democrática.

O modelo de *Escola Pública* que defendemos é un proxecto cara ó que nos diriximos, que cómpre ir construíndo mediante a reflexión e o intercambio de experiencias, favorecendo o debate profesional e social sobre o que significa un ensino público de calidade. Dende esta perspectiva, queda aínda moito camiño por percorrer nos centros de titularidade pública para facer efectivo este proxecto.

Ó mesmo tempo, coidamos que a concertación escolar entorpece o proxecto de escola pública que defende-

mos os MRP. E cremos que é obriga inherente das administracións públicas para garantir unha oferta suficiente e de calidade para toda a cidadanía.

Declaración do III Congreso “Modelo Escola Pública”. 1996

■ Entendemos a Escola Pública como un conxunto de institucións e mediacións sociais, organizadas como servizo público gratuito, para asegurar a toda a cidadanía o goce do dereito á educación, coas condicións precisas e esixibles de calidade infraestructural e didáctica de accesibilidade, pertinentes á construción dun Estado Social e democrático.

■ A Escola Pública tende a estar financiada publicamente, mediante os recursos dos orzamentos xerais do Estado, para asegurar unha escolarización gratuita, total e de calidade para todos e todas, entre os 0 e os 18 anos de idade.

■ A Escola Pública organízase democraticamente. A súa titularidade, a súa xestión e todos os criterios que informan os obxectivos e as actividades terán que ser públicos, con autonomía pedagóxica e de xestión. A Escola Pública tende a contribuír á vertebración democrática da sociedade e impulsar unha cultura de participación social e comunitaria.

■ O modelo de Escola Pública que propugnamos organízase a partir de proxectos educativos, construídos democraticamente, coa finalidade de formar e de socializar ás persoas, a través da sistematización, transmisión e elaboración crítica dos saberes, valores e contidos, recibidos no exterior de forma dispersa, fragmentaria e mesmo contradictoria, contribuíndo deste xeito ó adecuado desenvolvemento das personalidades en formación.

■ Unha Escola investigadora e crítica, que promove a construción dos coñecementos e da cultura, por parte de profesores, alumnos e alumnas, non reprodutora nin lexitimadora dunha orde social inxusta, que favorece a construción de espíritos abertos, con flexibilidade e adaptabilidade cognitivas, e que posibilite a cada escolar ser progresivamente capaz de afrontar os seus problemas vitais.

■ É así, unha Escola plural, ideolóxica e culturalmente, e nela poden estar presentes as diferentes visións que democraticamente conviven na sociedade. É tamén, un espazo laico e aconfesional, que non practica o adoutramento e que garante a liberdade de expresión. Sen embargo non renuncia e, ó contrario, promove unha educación asiolóxica, de acordo cos valores universais recoñecidos,

como son a xustiza social, a solidariedade, a cooperación, a tolerancia, a igualdade sen distinción de grupos humanos e de sexo, o respecto e a promoción oportuna identitaria da diversidade cultural e lingüística, así como a resolución pacífica dos conflitos sociais.

■ Unha Escola que se implica na conquista da igualdade social, que por tanto combate o fracaso escolar e que integra a diversidade, con instrumentos e estratexias de actuación adecuados a cada circunstancia.

■ Unha Escola vertebrada por un currículo integrado, con contidos dotados de real capacidade formativa, didacticamente asentada en correctos fundamentos psicopedagóxicos, o que, á súa volta require unha exquisita profesionalización educadora e docente, publicamente sostida. Unha escola entendida como un espazo de afectividade positiva, que acolle historias de vida e intelixencias, así como as diversas formas culturais, asumindo, polo tanto, o pluralismo e o relativismo culturais, ó tempo de desenvolver o pensamento e o coñecemento científico, o espírito de iniciativa e de capacidade emprendedora, e de fomentar o exercicio efectivo de responsabilidades, así como a cultura do traballo enriquecedor.

■ Un modelo de Escola Pública con estrutura de tronco único, mediante un sistema pedagóxico coherente, dotado dun corpo único de docentes e educadores, con autonomía organizativa, é dicir, con competencia decisiva para axustar na escala de cada unidade organizativa, os obxectivos e a xestión dos recursos necesarios, para aplicación do seu proxecto educativo; tamén con capacidade de autoavaliación interna e de participación nos procesos de desexable avaliación externa, encamiñados á mellora da calidade institucional e educativa.”

Coa intervención decisiva de Nova Escola Galega este texto foi aprobado na Asemblea Final do III Congreso Estatal de Movementos de Renovación Pedagóxica, celebrado en Torremolinos (Andalucía) nos días 5 e 8 de decembro de 1996.

XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA

1983 - 2008



4. VIDA E IDENTIDADE ORGANIZATIVA

Os Estatutos de NOVA ESCOLA GALEGA permiten deseñar unha estrutura organizativa que descansa no funcionamento e na toma de decisións democráticas, a partir das Asembleas Anuais, como marco no que, entre outras cuestións, se aproban as memorias de actividades e económica de cada anualidade, o Plano de Acción anual e se elixe e/ou ratifican as diversas responsabilidades directivas e organizativas. Un órgano Colexiado, o Secretariado Galego, do que forman parte, a Presidencia, a Secretaría, a Vicesecretaría e a Tesourería, de elección directa e renovábel, xunto a diversas Secretarías Técnicas, tanto internas como de representación externa, máis os representantes dos diversos Grupos

Territoriais-Zonais nos que se estrutura o conxunto da afiliación, alimenta o funcionamento ordinario. O Secretariado Galego mantén reunións periódicas ao longo do ano, asegurando a toma de decisións e a coordinación das actividades da Asociación.

Nova Escola Galega está estruturada nos grupos territoriais de Ferrol, A Coruña, Santiago, Barbanza, Morrazo, Salnés, Pontevedra, Vigo, Ourense, A Mariña e Lugo, se ben non sempre se rexistra un funcionamento ordinario destas zonas.

Son trazos pretendidos da súa identidade organizativa:

- Querer ser un grupo amplo, flexíbel, plural desde o punto de vista ideolóxico, e eficaz, que pretende ensamblar as achegas sectoriais dentro dun marco globalizador e unificador.
- O recoñecemento e apoio ás dinámicas grupais internas, tanto a escala nacional galega como comarcal.
- Espazo convivencialmente rico, acoñecido, de participación, con dinámicas de consenso e non exclusivistas, e con transparencia no seu funcionamento.
- Espazo humano que se considera parte dun tecido social cívico e crítico

XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA
1983 - 2008



coas estruturas e prácticas de poder que se consideran contraditorias co modelo organizativo preconizado.

■ Espazo potenciador da formación e da investigación do profesorado para a elaboración de propostas e prácticas pedagóxicas co máximo rigor científico e profesional.

■ A estabilidade conxugada coa renovación e a progresiva acumulación dun patrimonio intelectual educativo, con vontade de ser plataforma de opinión e de contribución participante na construción da nova escola pública galega e democrática.

Ao longo destes 25 anos sempre funcionou con regularidade o Secretariado Galego, cada certo tempo

parcialmente renovado nos seus compoñentes, a través das vinte e catro Asembleas Ordinarias Anuais da Asociación. Ten funcionado con algunha variabilidade ao longo do tempo: nunca con menos de seis compoñentes, cun promedio de nove e con ata catorce compoñentes; as súas reunións nunca descenderon de oito por curso lectivo, sendo frecuentes as dez reunións por curso, celebrándose en Santiago de Compostela, ben nas tardes dos venres ou nas mañás dos sábados, implicando case sempre diversos esforzos e cargas individuais que cómpre entender no marco de compromisos vitais a prol da transformación social democrática.

Ao longo destes anos a Asociación elixiu a un total de doce compañeiros e compañeiras para a responsabili-

PRESIDENCIA DE NOVA ESCOLA GALEGA

Mercedes Suárez Pazos	1983
Antón Costa Rico	1985
Fina Mosquera Roel	1987
Manuel Bragado Rodríguez	1989
Carme Soto Carballada	1991
Xosé Ramos Rodríguez	1992
Xosé Álvarez Castro	1994
Xosé M. Cid Fernández	1995
M^ª Dolores Candedo Gunturiz	1997
Carmela Cons Pintos	1999
Francisco Veiga García	2002
Xosé Lastra Muruais	2005

dade da Presidencia, como se pode ver no cadro adxunto, en persoas que sempre desenvolveran outras tarefas previas como parte do Secretariado Galego, obrigándose a un esforzo de renovación bianual ata 1999, en que se aprobou a posibilidade de períodos máis amplos.

É oportuno salientar que o modelo organizativo desenvolvido polo Secretariado Galego, facendo imperar o acordo mutuo, a tolerancia, a responsabilización e unha positiva tonalidade emocional, tense constituído nunha escola de formación de militantes, pero tamén de cadros que, a miúdo desde tal aprendizaxe accederon logo a desempeños de dirección colexiada e/ou unipersonal en distintas institucións educativas, culturais e sociais.

É tamén oportuno facer notar que o conxunto das actividades, iniciativas, desempeños económicos, nomeamento de representantes de Nova Escola Galega ante distintas instancias, grupos ou entidades, e tomas de decisión sobre as diversas actividades públicas da Asociación teñen pasado nestes anos a través do Secretariado Galego, sendo pois estritamente limitadas e puntuais as iniciativas emprendidas polos órganos unipersonais da Asociación. En todo caso, este estilo asentado nos principios de coordinación e cooperación é solidario coas dinámicas propias dos Grupos de Zona. Estes, que no presente non se manifestan como tales ou o fan cun baixo dinamismo, tiveron, en troques, unha visíbel actuación nos anos oitenta, en particular, cando aínda era

XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA
1983 - 2008

Secretariado NOVA ESCOLA GALEGA

CONSTITUCIÓN DO NOVO SECRETARIADO NACIONAL

No XVII Aniversario (Outubro de 1999) quedou constituído o novo Secretariado Galego composto por un total de 10 membros. A continuación detallamos os seus membros, ordenados alfabeticamente. Non se esquecer a nova Presidencia da Asociación Galega, presidida por Xosé María Rodríguez Viqueira, e a súa vicepresidencia, ocupada por Xosé María Rodríguez Viqueira.

NOME DO REPRESENTANTE		AFILIACIÓN
Presidente	Xosé María Rodríguez Viqueira	PSOE
Vicepresidente	Xosé María Rodríguez Viqueira	PSOE
Secretario	Xosé María Rodríguez Viqueira	PSOE
1.ª Vice	Xosé María Rodríguez Viqueira	PSOE
2.ª Vice	Xosé María Rodríguez Viqueira	PSOE
3.ª Vice	Xosé María Rodríguez Viqueira	PSOE
4.ª Vice	Xosé María Rodríguez Viqueira	PSOE
5.ª Vice	Xosé María Rodríguez Viqueira	PSOE
6.ª Vice	Xosé María Rodríguez Viqueira	PSOE
7.ª Vice	Xosé María Rodríguez Viqueira	PSOE
8.ª Vice	Xosé María Rodríguez Viqueira	PSOE
9.ª Vice	Xosé María Rodríguez Viqueira	PSOE
10.ª Vice	Xosé María Rodríguez Viqueira	PSOE

Notas da Asociación

CONCELEBRACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA E O GOBIERNO GALEGO

Despois de moitos anos de negociación, a Asociación de Nova Escola Galega e o Goberno Galego acordaron un convenio de colaboración que establece a creación de un Consello de Colaboración entre ambas entidades. Este Consello terá a función de coordinar e promover as actividades de colaboración entre ambas entidades, así como de avaliar o seu desenvolvemento.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA E O GOBIERNO GALEGO

O convenio de colaboración entre a Asociación de Nova Escola Galega e o Goberno Galego establece a creación de un Consello de Colaboración entre ambas entidades. Este Consello terá a función de coordinar e promover as actividades de colaboración entre ambas entidades, así como de avaliar o seu desenvolvemento.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA E O GOBIERNO GALEGO

O convenio de colaboración entre a Asociación de Nova Escola Galega e o Goberno Galego establece a creación de un Consello de Colaboración entre ambas entidades. Este Consello terá a función de coordinar e promover as actividades de colaboración entre ambas entidades, así como de avaliar o seu desenvolvemento.

débil a actividade dos CEFOCOPs, os centros públicos para a formación do profesorado. Dende Santiago a Vigo, dende A Estrada ao Barbanza,... permitindo a constitución de grupos de traballo e de formación.

Tamén ten sido unha constante actividade do Secretariado, xunto á diversa interrelación social, o mantemento de entrevistas institucionais: de presentación, de apertura de diálogo, de comunicación ante diversas reivindicacións ou en apoio de asociados penalizados por desenvolver unha actividade acorde coas nosas propostas, mantendo sempre unha autonomía e liberdade responsable con algunha frecuencia non comprendida, nin adecuadamente valorada, no pasado, como nos momentos actuais, por parte da Administración e autoridades concernidas.

Todo un denso traballo, pois, que ven requirindo dende hai anos da contratación de persoal administrativo, aínda que en reducida escala. Desempeñaron este traballo no pasado e en distintos momentos: Pablo Meira, Sonia López, Encarnación Alonso, María Pereira, Sandra Otero, Carina Blanco, Belén Blanco, e Silvia López, e faino no presente Fernando Vázquez.

Nova Escola Galega non se comportou ao longo destes anos como unha asociación moi numerosa na cifra dos seus asociados, a pesar de realizar en varios momentos específica campañas de afiliación. Neste senso predominan os afiliados e afiliadas que xeralmente adoptan un compromiso activo acorde coas finalidades da Asociación. A cifra inicial de 145 participantes na Asemblea Fundacional de 1983, pasou a ser de 248 contra fins de 1984, rexistrándose case 320 en novembro de 1985⁶, unha cifra que se estabiliza durante moitos anos, a pesar da existencia dun reducido número de baixas en cada ano compensado por un número similar de altas, vindo a situarse na última década nunha cifra un pouco inferior aos 400 asociados, dos que unha parte pequena, pero singular, está emprendendo a xubilación nos últimos seis anos. Ao respecto, é de facer notar que do mesmo modo nos últimos dez anos está a darse unha parcial renovación nas persoas que asumen responsabilidades ligadas ao Secretariado Galego; persoas que se incorporaron á vida profesional nos últimos quince anos.

É igualmente oportuno indicar que en todas as Asembleas Anuais cele-


6 - O reparto territorial era o seguinte: Santiago, 94; Vigo, 42; Barbanza, 15; Ourense, 23; A Coruña, 38; Bergantiños, 24; Lalín-A Estrada, 18; Ferrol, 30; Lugo, 18; Baixo Miño, 5; Pontevedra-Morrazo, 23; Salnés, 15; e Lugo Norte, 5; o que traslada unha imaxe plausible da presenza de asociados de Nova Escola Galega, ao longo do tempo.

bradas, cunha asistencia promedia de 60 asociados e asociadas, ademais de ser o espazo de aprobación das memorias anuais de actividades e económica, e das propostas para o seguinte ano, e ademais de ratificar e coñecer as persoas que exercen responsabilidades de coordinación de grupos de traballo e territoriais (caso de os haber) e de renovar os membros do Secretariado Galego, se realiza a abordaxe dunha cuestión de fondo tocante á política educativa e á organización escolar, case sempre con auxilio dun documento de traballo previamente coñecido. Nesta perspectiva, cando a cuestión suscitada reborda o posible tempo de debate, o Secretariado organiza unha sesión dun día de traballo, no

que chamamos os “Encontros de debate de Nova Escola Galega”; así, téñense realizado 9 de tales “encontros” específicos, suscitados pola reflexión sobre o noso modelo pedagóxico, a escola que queremos, a territorialización dos servizos educativos, a reforma educativa (arredor da LOXSE, 1990), ou o lugar dos MRP.

Cada Asemblea anual pode ser lugar tamén de aprobación de resolucións (como as aprobadas, por exemplo, en 1990, sobre a normalización do galego no ensino, ou o ano internacional da alfabetización, de manifestos, ou de Declaracións, como neste caso ocorreu en XXIV Asemblea celebrada o 29 de marzo de 2008, unha outra volta sobre a galeguización educativa.

XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA
1983 - 2008



RESOLUCIÓN PRESENTADA NA XXIV ASEMBLEA ANUAL DE NEG

ANTECEDENTES DA SITUACIÓN ACTUAL

Neste 2008, Ano Internacional das Linguas, Nova Escola Galega celebra o seu 25º aniversario. Aló van vinte e cinco anos de traballo arredor de dous eixes fundamentais: a renovación pedagóxica e a plena normalización da lingua e da cultura galega. No mesmo ano 1983 en que se iniciaba a nosa andaina, o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade a Lei de Normalización Lingüística, da que deriva todo o marco legal que se foi desenvolvendo ao longo deste tempo no ámbito lingüístico.

No ensino, espazo central do noso traballo, axiña puidemos comprobar que o obxectivo principal sinalado pola LdeNL (garantir que o alumnado acadase unha boa competencia nas dúas linguas oficiais de Galicia) non pasaba de ser un adorno que quedaba ben nos discursos pero que non tiña unha translación real á práctica. Os sucesivos decretos que se foron promulgando, malia os tímidos avances que puideron significar, sempre parecían ditados desde a cautela e o temor de que a lingua galega abandonase nalgún momento a posición socialmente subordinada herdada da ditadura.

Co paso dos anos, nos centros educativos instalouse a sensación de que había leis para cumprir e leis para figurar, pois as que afectaban á lingua non pasaba nada se non se poñían os medios para levalas á práctica. Por riba, a isto uniuse a ausencia dunha oferta de formación para o profesorado que fose máis aló dos cursos de galego e, sobre todo, o feito de que desde a Administración nunca houbera unha planificación lingüística digna de tal nome.

Os esforzos de NEG para cubrir esta última eiva da Administración concretáronse en documentos como *Un modelo de normalización lingüística para o sistema educativo galego* (1988), o *Modelo de normalización lingüística para o ensino* (1989), promovido en colaboración con moitas outras organizacións, e o *Modelo de normalización lingüística para o sistema educativo galego* (1999), que nunca foron atendidos.

Co paso dos anos, o grao de incumprimento da lexislación lingüística chegou a acadar un nivel alarmante. Un feito que levou a que o anterior goberno do PP promovese o Plan Xeral de Normalización da Lingua, que foi aprobado polo Parlamento de Galicia, por unanimidade, no ano 2004. E correspondeulle ao novo goberno formado polo PsdeG-PSOE e BNG poñer en marcha as medidas previstas no PXNL.

A SITUACIÓN ACTUAL

A primeira medida referida ao ensino que a Consellería de Educación levou á práctica foi a aprobación do *Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo*. Unha normativa que non é a que a NEG lle gustaría, pero que apoiamos, malia as nosas reservas, porque cremos que serve para deter a alarmante desgaleguización á que estaba a contribuir o sistema educativo e que permite avanzar na corrección da desigualdade lingüística clamorosa a que se ve sometido o galego.

Agora, cando transcorreron xa oito meses desde a súa publicación no DOG, contemplamos con abraio e con desánimo como a Consellería de Educación pouco máis fixo que publicar o citado decreto, pois non vemos por ningún lado a adopción das imprescindibles medidas para que, como ocorreu con decretos anteriores, o texto legal non se quede só no papel.

Parécenos escandaloso que, co inicio do curso 2007-08, non se levasen a cabo actuacións dirixidas á necesaria divulgación dos obxectivos e dos contidos do decreto entre os membros da comunidade educativa e na sociedade, en xeral. Se calquera medida do goberno, por cativa que sexa, ten a súa correspondente actuación para dala a coñecer aos sectores afectados, con maior razón debera de tela un Decreto tan importante coma este, que afecta ao conxunto da sociedade. Nos últimos meses vemos como, por riba, se dá o paradoxo de que a comunidade escolar comeza a recibir información falsa e equívoca sobre os obxectivos do Decreto, dentro dunha agresiva campaña promovida por organizacións contrarias aos posibles avances normalizadores que este podería propiciar de levarse á práctica.

A parálise que afecta neste tema á Consellería de Educación é tan rechamante e escandalosa que obriga a reflexionar sobre as causas que a producen e a posible relación coas actuacións anti-decreto dos últimos meses. Acaso pensa a Consellería que a publicación dun decreto serve para cambiar automaticamente a realidade? A que agarda para divulgar entre a comunidade educativa, de xeito claro e transparente, os obxectivos e as actuacións previstas no decreto, así como as razóns pedagóxicas e sociais que levaron a promulgalo? Para cando unha oferta de formación do profesorado en temas como planificación lingüística educativa ou didáctica do ensino en dúas linguas? Ou é papel mollado a aposta pola lingua propia e polo plurilingüismo contida na Declaración de París, que o goberno galego subscribiu en febreiro deste ano?

Desde Nova Escola Galega, nesta data simbólica para nós, reclamamos da Consellería de Educación a adopción das medidas necesarias para dar a coñecer o Decreto 124/2007 e as razóns que o animan e, paralelamente, a oferta dun variado abano de medidas de formación do profesorado necesarias para que o lexislado se poida trasladar á práctica. Son medidas que chegarán tarde, si, pero máis vale tarde que nunca.

5. UN ESPAZO PARA A REFLEXIÓN, O DEBATE E A ELABORACIÓN DOCUMENTAL

5.1. DE REFLEXIÓN E ELABORACIÓN DOCUMENTAL

Nova Escola Galega véñse caracterizando como un cualificado espazo de debate e elaboración propositiva. Desde o diagnóstico do presente e co horizonte do noso Modelo de Escola Pública (Doc. aprobado no 1989), fomos propoñendo argumentos de avance, de análise crítica e de alternativa á realidade actual de educación en Galiza, conformando documentos de orientación, algúns de notábel importancia.

Entre 1983 e 1992 producimos documentos sobre a Reforma Educativa, a normalización da lingua galega, a educación para a paz, a escola rural

(1986), a escola pública, a xornada escolar e a formación do profesorado, como ten quedado constancia nas páxinas do *Boletín Interno* de Nova Escola Galega, na *Revista Galega de Educación*, a través dos medios de comunicación, ou a través da súa difusión documental, sendo de anotar neste caso, en particular, os seguintes:

- Unha escola pública galega. Projecto educativo (1989).
- Un modelo de normalización lingüística para o sistema educativo galego (1989).
- Modelo de normalización lingüística para o ensino (1999).

XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA

1983 - 2008

Desde 1993, ano que con ocasión dos dez anos aprobamos o Doc. “Que florezan cen escolas novas”, elaboramos os seguintes documentos de traballo e posicións:

1995

- NEG ante a LOPAGCE.
- Valoración positiva e de avance do Decreto para a galeguización do ensino.

1996

- Alternativa para a etapa infantil no medio rural galego.
- Sobre o ensino da relixión.
- Ante a rede de centros.



1997

- Contra a penalización da insumisión.
- Declaración conxunta: polo dereito a aprendermos en galego.

1998

- A formación do profesorado. As nosas propostas.
- Demanda de garantías pedagóxicas e coherencia na implantación da Reforma Educativa (14/IX).

1999

En defensa da Escola Rural.

2000

- Os MRP ante o Decreto de modificación dos ensinos mínimos (Declaración conxunta: 11/XII).
- Declaración conxunta: a escolarización de nenas e nenos con necesidades de compensación educativa (CCOO, CIG, UXT, Nova Escola Galega, Chavós, Cáritas de Tui-Vigo).
- Sobre o crecente proceso de militarización (16/XII).
- Dez anos de LOXSE.

2001

- Sobre os despedimentos dos profesores e profesoras de relixión católica (17/IX).

2003

- En apoio do acordo normativo da Real Academia Galega.
- Contra a supresión das escolas rurais.

E outros diversos textos en defensa da escola pública, a educación para a cidadanía e a convivencia e a escola rural. Para unha expresión máis nítida das nosas reflexións e a chegada ás co-

munidades e centros educativos editamos, ademais, trece documentos *Nova Escola Opina*, que son os seguintes:

1997

- Posición ante o Decreto de adscrición dos mestres aos Centros de Ensino Secundario.
- Posición ante o Decreto de Orientación.
- Posición ante a reforma das Humanidades.
- Confusión política e política de confusión: “reformular a Reforma educativa”.

2000

- Reflexión en torno á proposta de medidas de atención á diversidade.

2001

- Ante as revisións da LOXSE.

2002

- Sobre a Lei de Calidade.
- O *Prestíxe*, a educación ambiental e nós.

2003

- Guerra, nunca máis!

2004

- Educar, en Galego: o compromiso renovado.

2005

- De libros de texto e gratuidades.
- Sobre a Lei de Ordenación Educativa.

2007

- Normalización lingüística no ensino, con ocasión do último Decreto sobre a incorporación do galego no ensino (un documento de 16 páxinas).

2008

- O acceso á función pública docente.

5.2. TEMÁTICAS DE MAIOR PREOCUPACIÓN

A escola democrática, pública e inclusiva

A preocupación pola defensa e construción dun ensino público de calidade ten a súa patentización en accións reivindicativas, organizativas e de difusión pública entre as que destacamos diversos pronunciamentos, e a promoción da Plataforma do Ensino Público propiciada en 1994, conformada por diversas organizacións, conducente á sensibilización social e ás mobilizacións realizadas en novembro do mesmo 1994.

A nosa participación nesta Plataforma contribuíu mesmo á mellora do clima organizativo entre as dis-

tintas entidades e colectivos participantes. Formaron parte das súas dinámicas ata o presente a convocatoria de manifestación realizada na primavera de 1997 que reuniu en Compostela a máis de 5.000 persoas de todo o País en defensa do ensino público, e a máis recente en contra da Lei de Calidade que tivo lugar, coa presenza de máis de 3.000 persoas, o 25 de Maio de 2003 tamén en Compostela.

Continúa a estar presente esta cuestión en diversos pronunciamentos, dende a conciencia da centralidade que a escola pública ten para o logro dunha educación inclusiva, como principio contrario ás propostas neo-liberais que propician formas renovadas de selección social antidemocrática.

XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA

1983 - 2008



A galeguización do ensino

Tradicionalmente ten sido un dos eixes da nosa actuación, no que se inscriben: o texto *Modelo de normalización lingüística para o sistema educativo galego*, renovado cun novo e reflexivo documento (1999), a preparación de material didáctico, a participación na Coordinadora creada en 1997 arredor d'A Mesa de Normalización Lingüística e nos pronunciamentos e accións desenvolvidas, o apoio organizativo ás manifestacións celebradas, o traballo a través dos Equipos de Normalización Lingüística ou a singular implicación en campañas de sensibilización social como a desenvolvida en 1998 baixo o slogan “En galego, Galicia ten futuro” que reuniu en Compostela a uns 4.000 manifestantes convocados por dezaseis organizacións, a desenvolvida en 2001 baixo o lema “O galego, materia pendente”,

a realizada so o lema “En galego vexo Vigo”, así como a participación na co-organización dos Correlinguas (17 de Maio) dos anos 2001 e 2002, xunto con outras entidades.

Cómpre sinalar que a aprobación dun novo Documento do *Modelo de normalización lingüística para o sistema educativo galego* (1999) veu precedido dun intenso traballo de elaboración durante o curso de 1997-98 (conformado como un Proxecto Europeo de Linguas Minoritarias), e que durante o 2002 membros deste equipo participaron en representación da Asociación na elaboración dos informes sobre o galego no ensino no Consello da Cultura Galega, e na elaboración do Plano de Normalización do Concello de Santiago, realizándose asemade unha sesión de traballo (“O uso da lingua a debate”) o 6 de abril de 2002.

Nesta perspectiva podemos tamén salientar o apoio constante realizado, en particular, desde 2005 das iniciativas emprendidas por “Ponte nas ondas”, a prol da consideración da cultura tradicional galego-miñota como patrimonio cultural da humanidade.

As expectativas positivas suscitadas polo Decreto 124/2007 que porén, provocou desde Nova Escola Galega algunhas observacións críticas expostas nun *Nova Escola Galega Opina*, están lonxe de cumprirse dada a deficiente instrumentalización ata o momento realizada pola Admi-

XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA

1983 - 2008



nistración pública, o que motivou unha seria chamada de atención por medio da Declaración efectuada na pasada primavera e que incluímos na presente memoria.

Asociados e asociadas como Xosé Lastra, César Martínez, Paco Veiga, Brixida Pino, Agustín Fdez. Paz, Tere Ferreiro, Mariló Candedo, Secundino García, Xosé M^a Lema, ou Xosé A. Pérez Martínez, entre outros/as, teñen impulsado singularmente este traballo.

A reforma xeral do sistema educativo

Dende 1998 Nova Escola Galega tivo unha notable preocupación pola reforma educativa, mediante a realización de debates e de propostas de diverso alcance. Singularmente no que afecta aos debates curriculares, aos proxectos curriculares de centro e á súa adaptación e os tratamentos e á reflexión sobre a educación secundaria (que mobilizou a atención, entre outros, de Manuela Catoira, Fernando Vidal Cecilia Bello ou Xosé Ramos), dende o principio da escola inclusiva. Tal preocupación obxectívase nos documentos de traballo, nas páxinas da *Revista Galega de Educación*, en diversas realizacións de publicacións canalizadas a través de iniciativas editoriais, na participación constante nos encontros convocados pola Confederación Estatal de MRP, como por exemplo o de Alcalá de Henares de 2002. Fixemos

específicos exercicios de reflexión sobre a LOXSE, a LOPAGCE (1995), a LOCE (2002) e a actual LOE (2006).

A formación do profesorado

A preocupación pola formación inicial e sobre todo permanente do profesorado, tendo presente a perspectiva do profesor reflexivo e crítico en climas de cooperación e de responsabilidades compartidas ocupou con algunha frecuencia a nosa atención, para procurar ofrecer propostas ao conxunto do profesorado e a Administración pública. Con este mesmo interese unha parte dos nosos asociados e asociadas veñen desenvolvendo a súa actividade nos Centros de Formación do Profesorado dende a súa creación e tamén outros dende as Facultades Universitarias de Educa-

XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA

1983 - 2008



ción de Galicia, tendo tamén participado en 1995 e 1997 na elección de representantes do profesorado nos Consellos Consultivos dos CEFOCOP.

A educación para a paz, a cidadanía e os dereitos humanos

A educación para a paz é un dos elementos catalizadores da educación en valores presente no actual deseño da Reforma Educativa Española. A educación para a paz foi unha das primeiras dimensións e dinámicas de acción impulsadas por Nova Escola Galega, sendo os seus iniciadores en Galicia, a través dos iniciais impulsos dados polos profesores Suso Jares, o gran animador e formador, Calo Iglecias e Manolo Bragado, como grupo de Educadores/as pola Paz.

Formando parte desta continuidade, anualmente Nova Escola Galega vén


convocando dous encontros, un constante en Ourense dende 1988 ata 1996, e outro en lugar variábel, e editou o Boletín *Novapaz* entre 1990 e 1998 (nº 1 a 26).

Así, en Ourense en 1993 na Facultade de Humanidades e por singular impulso de Xosé M. Cid celebráronse as VI Xornadas de Educación para a Paz e as IX en 1996. Desde 1993 redenomínanse en parte como Congreso de Movementos Sociais Alternativos, atendendo a temáticas como o feminismo, a ecoloxía, o pacifismo, a igualdade, a diversidade e a disidencia, constituíndo un notábel foro de debate e de presentación de experiencias, coa participación de ensinantes procedentes de diversos lugares do Estado.

Pola súa parte os Encontros Galegos de Educadoras e Educadores pola Paz tiveron tamén continuidade ata o

XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA

1983 - 2008



presente (2008) dende as primeiras xornadas realizadas en 1984 e dende aquel primeiro Manifesto pola paz e o desarme que en 1984 asinaron uns 1.000 ensinantes de toda Galicia. Celebrouse o VI Encontro en abril do 92 en Gandarío, o VII en abril do 93 en Allariz, o VIII e o primeiro Galego-Portugués un ano máis tarde en Lisboa, en colaboración cos profesores portugueses do Movemento de Educación para a Paz (MEP), coa participación dun cento de galegos e galegas, o IX e II Galego-Portugués en Sarria, o XX Galego-Portugués en Lugo, o XXI Galego-Portugués en Chaves e o XXII na cidade de Vigo no pasado mes de abril, constituíndo un espazo moi vivo en canto á presentación de experiencias pedagóxicas, enriquecidas coa presenza de diversas ONG, desde aqueles momentos ata o presente.

Noutra orde de cousas, no 1993 editáronse varios materiais celebrando 10 anos de educación pola paz, contribuíuse a dinamizar a educación para a paz en encontros celebrados en diversas cidades españolas, participase na Coordinadora Estatal de Asociacións de Educación para a Paz, e participouse na organización do Congreso Europeo de Educación para a Paz celebrado en Santiago de Compostela no 1994, como tamén en apoio da insubmisión ao servizo militar e en diversas campañas escolares de solidariedade con Cuba.

Un ano de singular importancia foi o de 1996 no que arredor do proxecto “Construír a Paz / Cultura para a paz” se levou a cabo un ambicioso proxecto de exposicións, de actividades e de presentación dun gran libro (baixo a coordinación de Suso Jares), que acadou a todas as cidades galegas e



a moitas vilas. Os recursos económicos reunidos foron entregados a dous proxectos de solidariedade internacional e de intervención no Brasil.

No ano 1998 desenvolvéronse diversas accións de Conmemoración dos 50 anos da Declaración dos Dereitos Humanos da ONU, coa colaboración do IGADI e de Amnistía Internacional.

Hai que salientar asemade a posta en marcha, en colaboración coa Concellaría de Educación e Muller do Concello de Vigo, no curso 2000-2001, do programa “Aprendendo a convivir”, que se desenvolveu ata o 2004 no conxunto dos centros de educación da cidade de Vigo, acadando resonancia en diversos lugares de Galicia e no resto do Estado Español.

Este proxecto “Aprender a convivir” iniciado en Vigo sería continuado dende o 2004 no Concello de Lugo, onde tamén se incorporaron varias dúcias de profesores a esta acción formativa e

educativa centrada na convivencia, na resolución pacífica de conflitos e na evitación da violencia nas aulas.

Hai que ligar a esta preocupación outras campañas de sensibilización social, como a campaña “Aprender a xogar, aprender a vivir”, contra os xoguetes bélicos, desenvolvida en 1992, a presentación en 2005 no Parlamento de Galicia da iniciativa dunha proposta de Lei de fomento da paz e da cultura da paz, ou a participación na elaboración do anteprojecto da Lei galega integral contra a violencia de xénero (2005).

Entre as máis recentes iniciativas hai que sinalar a constitución en 2006 da asociación AGAPPAZ (Asociación galego-portuguesa de educación para a Paz) para o oportuno soporte legal dos encontros galego-portugueses, a apertura en 2007 do sitio web www.educadorespolapaz.org, e a celebración dos XXII Encontros galego-portugueses de educación para a paz, en Vigo (2008), conmemorativos dos 25 anos do grupo, reunindo máis de 1.000 persoas no conxunto das conferencias realizadas e na presentación editorial dunha triloxía de textos, coa colaboración de Edicións Xerais de Galicia. Foi a penúltima forte implicación pública desenvolvida polo profesor Suso Jares neste campo.

Este intenso traballo a prol da paz desenvolveuse co esforzo de compañeiros e compañeiras de Ourense, Lugo, Vigo e A Coruña como Xosé Manuel Cid, Marisa Gamaño, M^a José Ace-



vedo, Belén Piñeiro, Noa Caamaño, Cathryn Teasley, Carme Díaz Simón, Nardo Carpenente e outros moitos educadores/as que teñen o seu eco no conxunto de Galicia e nos colectivos de ensinantes portugueses irmáns.

A pedagogía da imaxe, os media e o escenario dixital

A preocupación polo audiovisual, polos novos soportes informativos e comunicacionais estivo presente a través de varios grupos de traballo dende o comezo de Nova Escola Galega.

Nova Escola Galega en colaboración coa Escola de Imaxe e Son da Coruña veu celebrando desde 1992 e ata o ano 2000 os Congresos Internacionais de Pedagogía da Imaxe e a convocatoria de realizacións de vídeos escolares; a televisión, o vídeo, a realidade inventada e o mundo da educación, con debates, realizacións e experiencias, veñen sendo centro de atención. Se cadra este Congreso resultou ser o espazo de reflexión máis cualificado a este respecto en Galicia, debendo salientar a importancia do IV Congreso celebrado no ano 1995 coa inscrición de máis de 300 profesionais e a participación dun alto número de relatores/as e especialistas vidos de moitos lugares de todo o mundo.

En 1997, este Grupo de Nova Escola Galega (Pé de Imaxe) cunha singular participación e implicación da profesora Charo Belda e dos profesores Xosé Ramos, Manolo González, Miguel

V. Freire e Juan J. Bueno, promoveu o programa europeo para o desenvolvemento da educación e a imaxe a través do Programa Comenius, realizando a coordinación durante varios anos de grupos de Francia, Finlandia e Suecia.

As dificultades de sostibilidade desta iniciativa fixo que se abran posteriormente vías de colaboración coa sede na Coruña da Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

Durante o ano 2005 o grupo Pé de Imaxe participou tamén na organización do Primeiro Encontro Internacional sobre Educación Audiovisual, realizado en Santiago de Compostela e promovido polo Consorcio Audiovisual de Galicia, na elaboración de unidades didácticas promovidas polo mesmo Consorcio e na promoción de iniciativas varias nos centros educati-



vos arredor dos medios de Comunicación audiovisual, en colaboración cun grupo de debuxantes de banda deseñada, durante o curso 2006-07.

A este propósito, é ben sinalar que un dos membros do equipo Pé de Imaxe, o profesor Miguel Vázquez Freire, abriu, en 1999 coa colaboración de Edicións Xerais de Galicia a iniciativa da revista de banda deseñada *Golfiño*, unha iniciativa con problemas de difusión e de custes que se recuperou en 2002 a través do apoio de *La Voz de Galicia*. Entre tanto, a colaboración entre o equipo de *Golfiño* e Pé de Imaxe permitiu poñer en pé en 2003 un Programa de Banda Deseñada e novos medios, para a súa difusión escolar.

No campo dos *media* dende os anos noventa vén tamén intervindo o equipo *O trinque* por impulso, entre

outros, dos profesores Xoán C. Albarcellos, Benxamín Salgado, e Manuel G. Seoane, con diversas achegas con respecto á formación do profesorado.

Hai que salientar que en 2005, por impulso de Xesús Rodríguez e de Xosé M. Cid, celebrouse o Primeiro Congreso “A Fenda Dixital”, como espazo de traballo e de reflexión sobre as tecnoloxías dixitais e a súa presenza e influencia na educación, lonxe xa nos planteamentos das iniciativas primeiras emprendidas por Ricardo Ventosa, entre nós. En 2008 celebrouse o Segundo Congreso, tamén cun alcance ibérico, con notable éxito de participantes e presentación de experiencias.

A escola no medio rural

Preocupación constante, baixo o impulso de varias profesoras e profesores de Nova Escola (Alicia López Pardo, Mercedes Vázquez, Sabela Díaz, Lois Ferradás, Antón Costa, Secundino García, entre outros) vén sendo a defensa da escola no medio rural dadas as súas potencialidades educadoras, esquecidas dende a “racionalización administrativa” e o aforro e negación de recursos necesarios e suficientes á escola pública. Foi, así, como se realizaron, entre 1986 e 1990 distintas Xornadas de Escola Rural, convocadas dende Nova Escola Galega.

Posteriormente, a través da Confederación Estatal de MRP e da Coordinadora Galega de MRP constituíuse unha



Mesa de Coordinación da Escola Rural, agrupando á nosa Asociación, á ASPG, a Preescolar na Casa, á Coordinadora Galega de Colexios Rurais Agrupados e aos sindicatos CIG, CCOO, FETE / UGT e STEG, que levaron a cabo varias iniciativas reivindicativas e de sensibilización que incluíron a celebración dunhas novas Xornadas de Traballo no 2002.

O frutífero da experiencia e a manxenta de problemáticas sociais e culturais arredor da escola e da educación nos medios rurais levou ao Secretariado a convocar os Encontros anuais de Debate a partir de 2006, no mesmo ano no que se editou unha obra de balance sobre a cuestión por iniciativa da Mesa Galega de Educación no Rural. Estes encontros de debate pretenden reclamar para o medio rural un plan integral de desenvolvemento no que a

educación xogue un papel dinamizador e integrador, potenciando o traballo continuado das organizacións máis comprometidas neste ámbito. Teñen unha vocación de itinerancia polo país, co obxecto de dar a coñecer iniciativas singulares de carácter pedagóxico asentadas en diferentes zonas.

Orientación, titoría e diversidade

A preocupación polo tratamento da orientación e a titoría estivo presente dende o comezo na asociación Nova Escola Galega e nesta perspectiva dende 1995 e durante varios cursos funcionou un amplo grupo de traballo en Santiago coordinado polo profesor Antonio Ermida e a profesora Josefa Lago.

Tempo máis tarde, o lema “A diversidade: riqueza e desafío”, concentrou no 2000 as actividades da recuperada Escola de Verán, celebrada en Santiago. O tratamento integrador e educativo da diversidade, particularmente na etapa da ESO, é un dos retos da escola demo-

XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA

1983 - 2008



crática, para o que cómpren estratexias e actividades de orientación educativa.

Con esta preocupación, dende Lugo e a partir de 2001 e ata 2005, viñéronse convocando os Encontros Galegos de Educadores/as e Orientación, cunha notable resonancia, e entre os que compre destacar a Alfonso Villares Barro, Carme Díaz-Simón, Fran Candia, Elvira de Gabriel, X. Antonio Barral... A súa vitalidade nesta temática levounos a coordinar e desenvolver boa parte do monográfico sobre a Orientación, no número 39 da RGE. Tamén o grupo Cambela, desde Compostela fai deste asunto un dos seus eixes de traballo.

A educación infantil

Tradicionalmente e dende 1983 varios foron os grupos de traballo arredor da pedagogía para a etapa da

educación infantil. De formación e de intercambio de experiencias.

Entre os diversos grupos de traballo, o de pedagogía e didáctica de educación infantil, que se reúne en Santiago con periodicidade constante dende o ano 1985, permitiu ir construíndo unha importante formación teórico-práctica desde as perspectivas do enfoque construtivista, constituíndose un sólido seminario de formación, ao que acudiron neste tempo algo máis de vinte profesores e profesoras, arredor dun máis restrinxido núcleo de referencia. Dende este grupo convocáronse varios encontros pedagóxicos, ao longo de todo este tempo, realizándose tamén a monografía *Outras aulas, outras escolas*, que foi moi ben acollida.

As súas actividades levaron a establecer diversos contactos con outras entidades do País Vasco (Adarra), de Italia e de Portugal, e con grupos galegos como Preescolar na Casa ou AGAMEI.

Este grupo de traballo consolidado como Seminario de Educación Infantil e Primaria de Santiago, en función dalgunha reestruturación de persoas do grupo, no que interviñeron na súa coordinación, entre outras, Carmela Cons e Tere Ferreiro, mudou en 2002 a súa denominación como Cambela, do que tamén forman parte Rosa M^ª Calvo, Lourdes Campoy, María Castro, Encarna Peiteado e Esther V. Otero, centrado nunha parte das súas preocupacións na educación emocional infantil a través da forma-

XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA
1983 - 2008



ción en análise transaccional, coa colaboración da psicóloga Isabel Lopez Arias.

Didáctica da lingua

A didáctica da lingua con particular atención ao galego, aínda que tamén ao castelán e ao inglés, non ten suscitado unha atención continuada específica de Nova Escola Galega, coa súa plasmación en encontros (como o celebrado en Pontevedra coa colaboración do colectivo Ollo de Sapo), seminarios e documentos, máis que en contadas ocasións. Pero si houbo varios grupos de traballo comarcais nos pasados anos oitenta. Hai que salientar a destacadísima intensidade con que diversos asociados e asociadas de Nova Escola Galega teñen intervido nestes ámbitos, coa súa plasmación sobre todo na preparación de libros de texto e outros materiais e recursos complementarios, que se teñen editado a través de Edicións Xerais de Galicia (baixo a coordinación dos profesores Xosé Lastra, Agustín F. Paz e Manolo Bragado), atendendo tanto á educación infantil, como á primaria e a secundaria; a través de Vía Láctea, editorial coa que mesmo se asinou en 1986 un convenio de edición; con Galaxia, e con SM. Hai que anotar tamén unha implicación similar no eido da animación á lectura, con plasmación sobre todo a través de iniciativas formuladas pola Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GALIX), as campañas públicas de animación á lectura promovidas polo

profesor Xabier Senín, ou o actual programa público de Bibliotecas Escolares e de Aula, animado pola profesora Cristina Novoa, entre outras profesoras e bibliotecarias, e outras diversas iniciativas editoriais, como as promovidas polos profesores Xosé M. Barreiro, Antonio G^a Teijeiro, Milagros Blanco, Xulia Tarrío, Paco Martín ou Xabier P. Docampo.

Nunha liña similar e converxente hai que facer mención da máis recente iniciativa sostida por Nova Escola Galega en relación ao Colectivo Tatalo: “As festas da narración oral” celebradas en 2007 e 2008, con extraordinario éxito e seguimento, organizadas por Ana Cadenas, Manolo González Seoane, Victoria García e Francisco Veiga, co acompañamento por igual do nº 41 da *Revista Galega de Educación* dedicado á tradición oral.

XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA

1983 - 2008



Didáctica das ciencias sociais

A modo de estudo integrado do medio, ou de estudos de coñecementos da cidade, ou de recursos didácticos do entorno, ou de medios e comunicación, ou de tratamento de temas e asuntos conflictivos en relación coa elaboración dunha historia crítica e a construción do social, esta vertente didáctica veu sendo cultivada por diversos grupos de profesores e profesoras, ao incorporar en Nova Escola Galega a particular sensibilidade e coñecementos xa elaborados polo colectivo Escola Aberta (con Antón Rozas e Eduardo Seco, entre outros) ou polo Grupo de Bergantiños (con Xoán Fernández Carrera, entre outros), ou polo colectivo de Xeógrafos Galegos e profesores con Ramón L. Facal. Unha parte da plasmación das

súas actividades canalizouse na preparación de libros e recursos didácticos editados por diversas editoriais. Nos últimos anos e relacionados con este ámbito son destacables as iniciativas dos compañeiros e compañeiras de Ourense con dúas edicións do Congreso de Patrimonio Etnográfico Galego, o conxunto de actividades sobre megalitismo coordinadas por Xose M^a Lema e Silvia Lijó, no marco do Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte.

Didáctica das ciencias naturais e experimentais. A educación ambiental

Un campo que tamén ten suscitado unha frecuente atención: os estudos e recursos no campo da bioloxía para escolares (con Marilar Aleixandre e Manuel Brañas, entre outros profesores/as), a

XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA
1983 - 2008



construción de itinerarios e outros recursos para a educación ambiental (con Manolo Fernández, Charo F. Manzanal, Mercedes Suárez, Carme Morán, Pilar Bernárdez, Xulio Gutiérrez, Franciso Candia, entre outras e outros profesores), a colaboración dada en diversos momentos ao Taller de Educación Ambiental do ICE da Universidade de Santiago ou á Sociedade Galega de Educación Ambiental, as Xornadas de Educación Ambiental desenvolvidas entre 1989 e 1993 no Barbanza, co esforzo organizador de Xulio G. Roger, de Dolores Millares e de Pilar Diz, ou a atención que dende a RGE vén poñendo Araceli Serantes, son testemuño diso.

Son tamén testemuño as máis recentes Xornadas que sobre Ciencia e Territorio se veñen organizando con base no IES de Melide e por impulso

dos profesores Paco Veiga e Xulio Pérez Pérez, entre outros.

Materiais didácticos e diversidade. Educacompostela

Foi preocupación tradicional o interese pola elaboración de recursos e materiais didácticos de moi diversa índole e alcance a prol dunha práctica pedagóxica renovada e galeguizada. Entre a importante nómina de traballos deste tipo, ás veces editados nas varias revistas de contido pedagóxico existentes en Galicia, e tamén con frecuencia impresos como unidades documentais, como se pode observar rastrexando a sección de “Panoraula” da *Revista Galega de Educación*, poderán localizarse abondosas contribucións preparadas por asociados/as de Nova Escola Galega. Un novo impulso e unha orientación pedagóxica máis precisa foi dado a esta dinámica dende Nova Escola a partir do ano 2001 co

XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA
1983 - 2008



Congreso “Materiais curriculares e diversidade socio-cultural en Galicia”, impulsado por Xesús Rodríguez, M^a Dolores Candedo, Manolo López Fernández, Sonia López Soto, Helena Zapico, Rosi Vicente e Montse Castro,

entre outros profesores, que se constituíron en 2002 como Grupo Cavila e que correu coa organización dos seguintes encontros sobre materiais e recursos didácticos innovadores, téndose celebrado en 2007 a cuarta edición.

XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA

1983 - 2008

NEG fala de si

Actividades realizadas

Acta do xurado da 3^a Edición dos premios “Educacompostela 2005-2006”

Logo da convocatoria do Departamento de Educación e Mocidade do Concello de Santiago de Compostela e o movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega, para elixir aos galardoados na III^a edición dos premios Educacompostela, creados co obxecto de recoñecer, promover, premiar e difundir aqueles materiais educativos que polo seu valor e interese poidan contribuir ao desenvolvemento educativo de Galicia, favorecendo a innovación, a calidade na educación e a renovación pedagóxica, reuniuse no salón de plenos os seguintes membros do xurado:

ELVIRA CIENFUEGOS LÓPEZ
Concelleira Delegada de Educación e Mocidade
Presidenta

ESTHER YÁZQUEZ OTERO
Representante de Nova Escola Galega

LOURDES MONTERO MESA
Directora do Departamento de Didáctica e Organización Escolar, Facultade de Ciencias da Educación

GONZALO ANAYA GARCÍA
Director do Centro de Formación e Recursos de Santiago

HENRIQUE ALVARELLOS
Representante de Asociación Galega de Editores

FRANCISCO VEIGA GARCÍA
Representante de Nova Escola Galega

BEATRIZ VARELA MORALES
Técnica de Educación e Mocidade
Concello de Santiago de Compostela
- Secretaria dos premios -

As 9:30 horas do día 13 de setembro de 2005, a presidencia abre unha quenda de intervencións para que os representantes antes mencionados expoñan os seus criterios con respecto aos traballos presentados.



Tódolos premiados co xurado e membros do concello

Despois das oportunas deliberacións, o xurado acorda o seguinte:

En primeiro lugar agradecer a participación dos diferentes grupos de traballo que concorreron a esta III^a Edición dos premios Educacompostela deixando constancia da calidade e da diversidade dos traballos, o que provocou unha longa deliberación polo xurado.

En segundo lugar, elixir os seguintes traballos:

1^o Premio, para o traballo titulado “A elaboración de materiais didácticos para e con alumnos/as educativos especiais. Unha experiencia no CEIP Serra de Outes”. O grupo de traballo está composto por David Valín Arias, Teresa Villaverde Pals, José Balón Fernández, Verónica Rodríguez Varela, Patricia Romasanta Rodríguez, Elena Roo Maio, Jesús Rodríguez Rodríguez, Montserrat Castro Rodríguez.

Comentario:

O xurado quere destacar a interesante aportación que supón a elaboración deste material para un ámbito, como é o da aprendizaxe da lecto escritura en galego para alumnado con dificultades de aprendizaxe, no que non abundan demasiadas propostas.

Destaca tamén os núcleos temáticos que se inclúen no traballo, a implicación de diferentes perfiles profesionais na elaboración dos materiais así como a súa contextualización no contorno dos destinatarios.

2^o Premio, para o traballo titulado “¡KIMASHO! Axudanos a reconstruír o mundo.” O grupo de traballo está composto por Belén Domínguez Rey, Irene Calvo Antelo, Patricia A. Fernández García, Leandro Fernández Tomás, Lorena Mera Ramil, Rebeca Rivera Veiga, Ana Belén Rodríguez Pérez, M^a Dolores Carballo García.

Hai que salientar que neste contexto e arredor da terceira edición (2006), prestouse unha excepcional atención ás novas perspectivas abertas en canto aos recursos polos museos de Galicia, levando a cabo exposicións itinerantes por Galicia, xunto ás Xornadas de Compostela, unha actividade que coordinou Ana María Pose Blanco, coa contribución tamén en particular de Ana Estévez Lavandeira, técnica do Departamento de Educación do Museo do Pobo Galego.

Neste marco de preocupación son de notable relevancia os Premios de Educación “Educacompostela”, que co-organizan dende 2003 anualmente o Departamento de Educación do Concello de Santiago, coa intervención dos pedagogos Xosé M. Rodríguez Abella e Beatriz Varela, e Nova Escola Galega: realizáronse ata o momento seis convocatorias, téndose recoñecido mediante premio dezaoto memorias de traballos e experiencias de toda Galicia, en conxunto de notable interese.

Outras preocupacións

Foi cultivada no seo de Nova Escola Galega a didáctica das matemáticas, sobre a que existiu un grupo de traballo durante varios anos na Coruña, baixo a coordinación de Fina Mosquera e de Francisco A. Fontenla, con algunha resonancia dos seus traballos a través do CEFOCOP da comarca e da Revista Galega de Educación.

A organización e a xestión democrática dos centros ocupou e ocupa a atención da Asociación, en particular a través dos Encontros de Debate e dos documentos aprobados. Realizáronse igualmente diversos seminarios e cursos breves sobre a cuestión, nos que se teñen implicado, entre outros, Tino Lorenzo, Suso Vecino, Xosé A. Castro, Mariló Candedo, Fina Mosquera, Xosé Centrón, César M. Yáñez, ou Emilio Legaspi. Ao respecto, no Barbanza e na Coruña teñen funcionado dous seminarios de organización escolar, con actividades internas, e unha certa proxección pública, onde igualmente se teñen implicado Xaquín Rodríguez Moreira, Xabier Carbajal, Xaquín López e Ana Liñares.

A aprendizaxe da lectura e da escritura, a música na escola (con Xabier

XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA
1983 - 2008



Iglesias), a dramatización e o teatro (con Antón Lamapereira e Manolo Vieites), a formación de monitores/as de colonias (Ourense), a educación física e a psicomotricidade (con actividades en Bergantiños e na Coruña, na compañía de educadores de Adarra), a educación plástica, ... teñen sido motivo tamén dalgunha atención, como tamén a preocupación polo tratamento das necesidades educativas especiais (con Teresa Núñez Mayán e Manolo Armas, entre outros). A preocupación pola historia da educación en Galicia é igualmente ben notable, como testemuñan, entre outros, os traballos de Sabela Rivas, Anxo Porto, Narciso de Gabriel, Antón Costa... Entre máis recentes preocupacións encóntranse igualmente: a reflexión sobre os profesionais que máis alá dos docentes interveñen

desde a animación socio-cultural no escenario educativo, como revelan as xornadas sobre isto convocadas en 2005 e 2006, por iniciativa de profesores como Montse Castro, Suso Rodríguez, Xosé M. Cid e Xosé M. Malheiro, entre outros. Esta emerxente liña de traballo, en colaboración co Colexio de Educadores e Educadoras Sociais de Galicia, concretouse nun par de publicacións a modo de actas das xornadas, e coa creación dunha comisión de traballo na que participan NEG, o CEEEG, e representantes das tres universidades galegas. As actividades que sobre cine e historia arredor das ciencias sociais veñen desenvolvendo, en colaboración, a Asociación docente *Sine Nomine* e Nova Escola Galega, con tres ciclos de cine e conferencias-debate nestes momentos. De igual modo, é oportuno salientar que a preocupación pola recuperación dos xogos infantís populares está presente entre algúns asociados de Nova Escola Galega, que, con outros, promoveron a asociación Brinquedia (www.xogos-populares.com/brinquedia.php). Así mesmo, anotamos o intento de introducir ao alumnado na reflexión sobre a ordenación integrada da arquitectura no territorio dado o seu impacto na calidade de vida das xentes, a partir da sinatura dun convenio de colaboración co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia para a elaboración e difusión de materiais didácticos para a etapa de

XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA

1983 - 2008



educación primaria e infantil. Con esta finalidade formouse o Grupo Proxecto-terra, constituído por persoas xa vinculadas ao grupo Cavila ou ao de Normalización Lingüística. Cómpre tamén salientar o impulso que a incorporación dos asociados e asociadas máis novos leva consigo, abordando novos vieiros de traballo, como é a preocupación dirixida ao diálogo interxeracional, co obxecto de fortalecer os vínculos interxeracionais entre os nenos e os maiores, con experiencias que conduce Helena Zapico no Concello de Santiago, entre outras.

5.3. GRUPOS DE TRABALLO

Na historia de vida de Nova Escola Galega hai que rexistrar no comezo da asociación a presenza de grupos de traballo docente, como xa se sinalou, en maior medida nas comarcas do Barbanza, A Coruña, Santiago, Vigo, A Estrada, Bergantiños e o Morrazo, chegando a implicar entre os anos 1984 a 1988 a un número considerable de docentes. Esta realidade levou mesmo a programar en 1987 cursos sobre Dinámica e Animación de grupos, coa colaboración do Grupo Esnatu de Euskadi, e a realizar en 1987 e 1988 dous específicos Encontros de grupos de traballo de NEG (realizados en Mariñán).

A consolidación de grupos non é sempre doada, ou mesmo pode ser com-

plexa. As modificacións de plantillas e de ocupacións docentes, a creación e desenvolvemento das actividades dos centros de formación continuada do profesorado, a propia complexidade da formación docente e o amplo conxunto de cambios que a LOXSE supuxo, fixo variar o panorama cara a unha composición menos “didáctica” e máis temática de grupos dende os finais anos oitenta, reorientándose en parte segundo preocupacións que foron modificándose ao longo do tempo.

Con estes antecedentes é do caso facer mención sumaria dos seguintes grupos, algúns dos que deixaron tamén de existir ou reduciron a súa actividade:

- Educación Ambiental: Grupo Gaia de Ourense, que a partir de 1994 reduciu a súa actividade.
- Educación pola Paz: Dous grupos situados en Vigo e Ourense, con conexión de persoas vinculadas ao grupo de Orientación de Lugo.
- Orientación e tutoría: en Santiago con



actividade confirmada ata 1996, recuperado en Lugo desde o ano 2000.

■ Proxectos educativos de Centros na Zona das Mariñas, que decaeu cara a 1998, logo dunha notábel traxectoria.

■ Educación Infantil e Ciclo Inicial, que se mantén en Santiago ao longo de toda a década, se ben con algunha redución do número de participantes, dando paso posteriormente a Cambela.

■ Pedagogía da Imaxe na Coruña: activo ata o ano 2000 e con actividade reducida dende ese momento.

Cara a fins do anos noventa naceron ou retomaron iniciativas outros grupos:

■ De infantil, na cidade da Coruña, desde o curso 1996/97, estabilizado a través do colectivo Andaina.

■ De Educación Secundaria, na cidade da Coruña con funcionamento entre 1996 e 2000.

■ De normalización lingüística, desde 1997.

■ De escola rural, renovado dende 1998 e posteriormente ampliado mediante unha plataforma concertada.

■ De representantes nos Consellos do CEFOCOP, que funcionou nos anos 1999 / 2000.

■ *Cavila*, de reflexión sobre materias curriculares, en Santiago desde o ano 2001.

■ *O Trínque*, sobre medios audiovisuais e educación, en Santiago.

■ Brinquedia, sobre o xogo infantil popular.

■ Escola de Verán, de Ferrolterra.

■ *Revista Galega de Educación*. Consello de Redacción.

■ Terra de Melide, que corre coas Xornadas Ciencia e Territorio.

■ Grupo de traballo do Proxectoterra.

■ Grupo de traballo coordinador do Vieiros da escola.

É do caso sinalar que co apoio e participación de asociados e asociadas de Nova Escola Galega existen outros grupos que veñen tendo un traballo continuado. Son os casos por exemplo do Grupo Enxergo de Filosofía, que prepara a Colección Editorial “Cadernos de Filosofía”, editada por Edicións Xerais de Galicia, con ampla difusión nos centros de ensinanza medias de Galiza.

5.4. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN ABERTAS

As actividades desenvolvidas cobren un amplo abano: dende a programación de conferencias, como as convocadas nalgún momento pola *Revista Galega de Educación*, á celebración de mesas redondas, algunhas presentacións de libros, a convocatoria dalgúns cursos nos anos oitenta (teatro para ensinantes, tratamento pedagóxico do corporal, construción de xoguets, itinerarios, psicomotricidade, matemáticas, educación ambiental, ou xogo dramático), e por suposto a de Xornadas, Escolas e Encontros, do que se fai a seguinte relación, segundo o ano de inicio:

	Número de convocatorias anuais
1984 ■ Xornadas/Encontros galego-portugueses de educación para a Paz (con celebración alterna en Galicia e Portugal)	22
■ Encontros en Bergantiños	1
■ Xornadas de Mugaros	2
1985 ■ Xornadas de Preescolar e C.I.	3
1986 ■ Xornadas Galegas de Escola Rural	4
1987 ■ Escola de Verán de NEG	8
■ Encontros de Ensinantes do Morrazo	8
1988 ■ Xornadas de Normalización Lingüística no ensino	4
■ Encontros sobre a Reforma Educativa	4
■ Xornadas de Educación para a Paz (Ourense)	9
1989 ■ Encontros de Educación Ambiental (Barbanza)	5
1990 ■ Encontros de Educación de Adultos	1
■ Encontros de Didáctica da Lingua	1
■ Encontros pedagóxicos de Ferrolterra	1
1991 ■ Congreso Internacional de Pedagogía da Imaxe	9
1993 ■ Xornadas Pedagóxicas das Terras de Xallas	1
1998 ■ 25 anos de Pedagogía Freinet en Galicia. Bande	1
1999 ■ Xornadas educativas na Mariña	2
■ Xornadas educativas de Chantada	1
2000 ■ Escola de Verán. Santiago	1
2001 ■ Congreso sobre materiais curriculares e diversidade (2007: último)	4
■ Escola de Verán de Ferrolterra	7
■ Encontros Galegos de Educadores/as e Orientación	4
2003 ■ Xornadas de Ciencia e Territorio	6
■ Xornadas de debate sobre a escola rural	3
2004 ■ Encontros de filosofía para nenos	1
2005 ■ A escola punto de encontro entre o profesorado e os educadores sociais	2
■ Cine e educación	3
■ Congreso Ibérico A Fenda Dixital (anos 2005 e 2008)	2
TOTAL	120

XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA

1983 - 2008

Alén das anteriores contribucións é do caso salientar a notable implicación de asociados/as de Nova Escola Galega na organización doutros Congresos e Encontros, entre eles os promovidos por distintos centros uni-

versitarios, como as Facultades de Educación, ou pola mesma Administración pública, sexa a Consellería de Educación ou distintos Concellos, ou o Consello Escolar de Galicia.



ACTIVIDADES E GRUPOS 2007

XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA

1983 - 2008

5.5. ELABORACIÓN DE MATERIAIS E RECURSOS DOCUMENTAIS DIDÁCTICOS

Un número considerábel dos nosos asociados e asociadas realizaron

neste tempo abondosas contribucións editoriais no tocante ao estudo da realidade educativa de Galicia, á creación de materiais e libros didácticos e de literatura infantil e xuvenil, a través, sobre todo,



das editoriais Xerais, Galaxia, O Castro, SM, Sotelo Blanco ou Vicens Vives, das coleccións do Instituto de Ciencias da Educación ou das publicacións dos Servizos Municipais de Educación. Membros da Nova Escola Galega, que tamén o son de GALIX realizaron nesta década unha formidable contribución á literatura infantil e xuvenil, chegando a acadar mesmo recoñecemento estatal e aínda internacional, en varios casos con “premios nacionais de literatura infantil e xuvenil” (Paco Martín, Xabier P. Docampo, Agustín Fernández Paz).

Ademais dos traballos de diverso tipo elaborados e editados por distintos membros da Asociación, esta foi promotora ou instancia de apoio explícito ás seguintes edicións:

- 1986** – *Educar para arma-la paz.*
- 1988** – *Diversas guías e itinerarios didácticos.*
- 1989** – *Técnicas e xogos cooperativos para tódalas idades.*
- 1991** – *Apuntes da nosa historia escolar.*
- 1992** – *Garabullíño* (coas ilustracións de Andrade).
- *Outras aulas, outras escolas.*
- 1994** – *20 preguntas sobre os conflitos iugoslavos.*
- 1995** – *Educadores e Paz.*
- 1996** – *Construír a paz.*
- *Técnicas Freinet da Escola Moderna*, de C. Freinet.
- 1997** – *Por unha escola do pobo. No centenario de C. Freinet.*
- 2001** – *Aprender a convivir.*

XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA
1983 - 2008

2003 – *Materiais curriculares e diversidade socio-cultural en Galicia.*

2006 – *A educación no rural en Galicia, elaborado pola Mesa Galega de Educación no rural.*

- *A elaboración e adaptación de materiais curriculares.*

2007 – *A fenda dixital e as súas implicacións educativas.*

- *A escola, punto de encontro.*

2008 – *Actividades e recursos educativos dos museos de Galicia.*

Debemos do mesmo modo anotar que, a través dun convenio de colaboración coa empresa de comunicación dixital Vieiros, iniciouse en 2006 a inserción dun total de 20 documentos, dirixidos ao traballo de aula con tópicos variados e sempre valiosos, concibido como un proxecto aberto e que pretende ofrecer ideas e recursos para o traballo cotián nas aulas. *Vieiros da escola*. Edición xestionada por Nova Escola Galega (vello.vieiros.com/vieirosdaescola)

Desta maneira déuselle continuidade ao traballo iniciado por en-

nantes de Edugaliza que, en 2005, puxeron en marcha esta iniciativa e sacaron adiante os catro primeiros números. O primeiro da nova etapa xestionada por NEG e coordinada polo grupo de traballo do mesmo nome, que conta con compañeiros/as do grupo Cavila e do grupo de Normalización, e con outros que se sumaron a este cometido, como Xoanca Albarellos, Patricia Digón ou Juan José Bueno, foi publicado no mes de maio de 2006.

- 17 de maio.
- Que serei de maior?
- Nannerl Mozart e outras compositoras.
- Os lentes.
- Telerrealidade.
- Samaiñ.
- O Museo do Pobo Galego.
- Cogomelos.
- Memoria do 36.
- O Nadal nas diferentes culturas.
- Os valores de Disney.
- Comercio xusto.
- O traxe tradicional galego.
- A pega.
- Un patrimonio para o futuro (o inmaterial galego-portugués)
- O cocido de Lalín.
- O Entroido na provincia de Ourense.
- As sobremesas do Entroido.
- A zanfona.
- Sociedades de instrución, fundacións docentes e escolas de emigrantes.





EDITORIAL

ACORDO PRA UNHA MELLOR REVISTA

É por tanto que os editores galegos acordamos a...

Os editores Pedagóxicos Galegos: Consello de Escola de...

Con tal motivo, a actual revista deixará de ser editada...

Con tal motivo, a publicación será editada por unha Mesa...



5.6. PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS

Desde o primeiro ano de vida de Nova Escola Galega o seu Secretario Galego editou o Boletín Interno⁷, fundamentalmente para os asociados/as, mais procurando permitir algúns números, ben a outros MRP de Galicia ou do Estado, ou a algunhas bibliotecas.

Dende 2006 e tanto por criterios informativos, como de carácter ambientalista, deixou de editarse en papel, para pasar a organizarse como sitio web (www.nova-escola-galega.org), ao coidado en particular dos profesores Paco Veiga e

Xosé Lastra, converténdose hoxe nun sitio de referencia para a información sobre a renovación pedagóxica en Galicia.

En diversos momentos tamén se editaron boletíns comarcas de NEG na Coruña e no Morrazo. Cómpre falar do boletín Novapaz entre 1990 e 1998. O Boletín de Educación pola Paz Novapaz, do que foron editados 26 números cunha tiraxe de 800 exemplares, de ampla difusión en Galicia e fóra, en apoio dunha dinámica educativa moi atenta á educación nos valores da paz e na solidariedade internacional.

Fixose referencia ao Nova Escola Galega Opina, un instrumento de co-

XXV ANIVERSARIO DE NOVA ESCOLA GALEGA 1983 - 2008

7 - O Boletín Interno, un instrumento de información sobre a vida da Asociación, do que se publicaron en papel 54 números (ata 2005), cunha tiraxe de sobre 350 exemplares por número, foi renovado en varios momentos da súa existencia, tendo sido organizado, entre outros, por Antón Costa, Manolo Bragado, Paco Veiga, Mariló Candedo, Ana Pose, Montserrat Castro e Manolo López.



5.6.1. REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN (1986-2008)

Nos primeiros meses de 1986, no contexto expansivo das dinámicas de reflexión, acción e difusión pedagóxica impulsadas por parte do movemento de renovación pedagóxica NOVA ESCOLA GALEGA, saía editado o primeiro número da publicación *Revista Galega de Educación*, coa colaboración de Edicións Xerais de Galicia, enlazando con anteriores iniciativas: *As Roladas*⁸, os intentos de edición dos anos 1981-82⁹ e o suplemento educativo *A Pizarra*¹⁰ de *Faro de Vigo*. Xurdía desde Vigo, cidade promotora de constantes iniciativas literarias potenciadoras da normalización cultural e lingüística da nosa Nación pola contribución de Luís Mariño, daquela director de Edicións Xerais de Galicia, a instancia de, entre outros, Xosé Lastra.

comunicación dos centros escolares de toda Galicia e con outras instancias, mesmo a administración educativa, ideado coa pretensión de dar a coñecer á sociedade e á comunidade educativa en particular as nosas posicións sobre a actualidade educativa e que tamén máis recentemente comezou a ser lanzado dixitalmente.

E a nosa historia permitiu ir construíndo a *Revista Galega de Educación*, da que falaremos de seguido.

XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA

1983 - 2008

8 - En 1978 o Movemento Cooperativo de Escola Popular Galega iniciaba a publicación da primeira revista pedagóxica en lingua galega, coa cabeceira da que fora *As Roladas* en 1922, o primeiro intento de creación dunha publicación para nenos en galego. No número cero escribiron, entre outros, Isabel Mato Landeira, Mercedes Suárez Pazos, Dolores Portabales, M. A. Rei Chao e Antón Costa. Editáronse 10 números, o último saído polas Letras Galegas de 1981, acompañado da publicación en separata do texto de V. Risco traducido ao galego. A vida dos nenos na aldea galega, ao coidado de Antón Costa. Unha síntese histórica sobre esta publicación está recollida en *Revista Galega de Educación*, nº 25 (1996). É de facer notar que no último número sinalábase a participación editorial de diversos colectivos pedagóxicos galegos, logo incorporados en Nova Escola Galega.

9 - Sobre a base das *Roladas*, varios colectivos pedagóxicos tentaron editar a *Revista Galega de Educación* durante o curso 1981-82 realizando xestións de edición por parte, entre outros, de Antón Costa e de Víctor Freixanes, que ía asumir a dirección no novo Consello de Redacción, ante Edicións do Ruedo e Edicións do Castro; xestións que finalmente non callaron.

10 - En setembro do ano 1983 coa coordinación do xornalista Xosé A. Perozo un grupo de profesores (Miguel V. Freire, M. Janeiro, Antón Costa, Manolo Bragado, Rafael Ojea) coa inestimable colaboración gráfica de Pepe Carreiro, comezaría a editar os encartes semanais "A Pizarra" (para profesores e familias) e "O pizarrín (para nenos e traballo de aula), no xornal *Faro de Vigo*, configurándose como un modo de semanario de educación que se chegou a editar durante máis de tres anos. Todos os membros profesores do Equipo redactor estaban vinculados a Nova Escola Galega.

Anos máis tarde, o 7 de abril de 1988 tamén comezaría a aparecer en *La Región* de Ourense o encarte "Na Escola", preparado por un equipo de profesores igualmente ligados a Nova Escola Galega: Xosé M. Cid, Mercedes Suárez, Mariño Candedo, Suso Jares e Calo Iglesias, chegándose ao número 112 en abril de 1992.

Consello de Redacción:	A PIZARRA	SEMANARIO DE
ANTON COSTA RICO		EDUCACION
MODESTO HERMIDA GARCIA		DE FARO DE VIGO
MIGUEL VAZQUEZ FREIRE		Corredor:
ANTONIO GARCIA TELLEIRO		JOSE A. PERDOZ
MANUEL BRAGADO RODRIGUEZ	ANO IV Nº 188	

INFORME

Aproveitamento dos recursos espaciais e ambientais da escola

MONTSERRAT MORALES

A longo prazo e a través do propio espazo e transformación do espazo escolar vai dada polo feito de que o espazo onde se desenvolve o proceso de socialización e de socialización da personalidade de individuos.

Está facendo pensar que temos de ser moi conscientes do tipo de espazo que propoñemos aos nenos.

En principio, sempre é desexable apropiarse do lugar onde se fan actividades importantes da nosa vida, así lo indica tanto o lugar e a escola. Efectivamente,



de dispersión e conformidade da temperatura ambiental.

A temperatura ambiental na escola ha de axudar ao confort físico, tendo presente que tamén se realizan actividades de movemento como outras tarefas lúdicas.

O control acústico e oportuno. A interferencia de sons pode provocar irritabilidade, distracción ou cansancio. O nivel de ruído ambiental aceptábel pode determinarse pola capacidade de comprensión fluída no cando se fala a un nivel normal de voz.

Os materiais han de favorecer os resultados educativos de ensinos con que se traballa na escola e que se relacionan coa

Nació a *Revista Galega de Educación* coa intención de recuperar e continuar a culta tradición pedagóxica de Galicia¹¹, e coa preocupación de contribuír decisivamente ao ensanchamento do territorio da renovación e da reforma democrática da educación. A vontade de construír colectivamente o novo proxecto de Escola Pública Galega, sobre baseamento científico, marcaba e segue a marcar as súas orientacións.

Contribuír á formación cultural e pedagóxica dos seus lectores, a crear un campo de reflexión e debate, a gañar lectores de pedagogía en galego, a informar a todos ao longo da extensa e diversa xeografía deste fermoso País; contribuír a mostrar as

múltiples expresións e realidades dunha escola e dunha educación de calidade e atenta aos retos interna-

XXV ANIVERSARIO DE NOVA ESCOLA GALEGA

1983 - 2008



11 - Dende 1860 rexistráronse cabeceiras de prensa profesional e pedagóxica en Galicia, tal como puxeron de relevo os historiadores da educación en Galicia. En particular, durante a II República (1931-36) editáronse Escuela del trabajo en Ourense, que en 1936 ía converterse en Escola do Traballo, Escuela Vivida en Pontevedra, e Boletín de Vanguardia Pedagóxica en A Coruña.



cionais da educación na hora presente, eran e seguen a ser as razóns da *Revista Galega de Educación*.

Máis de 4.500 páxinas de documentación pedagóxica en lingua galega, fan da publicación unha digna expresión dos propósitos que a inspiraron. Son as primeiras páxinas do libro que queremos seguir escribindo, pois sabemos que estamos no comezo. Un grande e fermoso libro colectivo, ao que nos seguimos convocando todos os profesionais da educación que amamos e queremos gañar co traballo ben feito un presente e un futuro educativo pleno e para todas e todos os nenos e xoves galegos.

Grandes temas do noso tempo educativo veñen estando razoablemente presentes: o marco internacional e europeo da política educativa galega, a reforma estrutural da educación, a perspectiva da educación permanente e dos adultos, a educación infantil, os seus as-

pectos sociolóxicos, a organización das institucións escolares e a participación democrática na súa xestión, a problemática da escola rural, a normalización lingüística, a competencia dixital e as novas tecnoloxías, os retos formulados polo poder cultural do audiovisual, do virtual, das imaxes e da televisión, as cuestións didácticas (ensinar, aprender, as avaliacións, a globalización e interdisciplinariedade, o ensino das ciencias, a educación matemática), as novas temáticas (a educación ambiental, a educación para a cidadanía e os dereitos humanos, a educación para a saúde, a educación social, a educación estética, as áreas transversais), a lectura como panca de educación, a potencialidade educativa do xogo, o tratamento das necesidades educativas especiais, o binomio familia-educación, e o oficio dos educadores e a súa formación... Como tamén, a análise da política educativa; as políticas educativas española e galega, son “editorializadas”, dende o ángulo de análise crítica, acompañando as incertezas, os retos e os afáns dos diversos sectores da comunidade educativa.

Hai unha presenza permanente da normalización do galego, con puntos de vista e reflexións, experiencias de normalización, propostas e programas, configurando un dos sinais de

identidade da *Revista Galega de Educación*, co desexo de impulsar o seu avance social e escolar.

Máis de 150 experiencias pedagóxicas foron narradas polos seus protagonistas, asentadas sobre criterios de renovación psico-pedagóxica, nos máis variados campos e temáticas; estamos atentos ás reformas do sistema educativo, analizando, propoñendo, informando e valorando, pois todo iso é o que veñen facendo as profesoras e profesores colaboradores da Revista.

Como fiestra e porta aberta, informamos das realizacións e propostas nadas noutras Comunidades Autónomas, singularmente en Cataluña e Euskadi, ou noutros Estados (Portugal, Francia, Italia, Alemaña, Estados Unidos, Australia, Canadá, ...), porque vivimos internacionalmente conecta-

dos, e poñemos estas páxinas galegas ao dispor de especialistas e técnicos da educación e da pedagogía.

Porque queremos ser dignos continuadores dunha tradición culta e de afáns emprendidos por educadoras e educadores galegos doutros momentos atendemos a nosa historia educativa e pedagóxica, ao tempo que acollemos significadas referencias de historia pedagóxica xeral.

Queremos deixar sentir as voces de personaxes, homes e mulleres de particular relevancia a través das Entrevistas, porque axudan a madurar a reflexión pedagóxica. Os recursos didácticos, a modo de sintética monografía, coa intención de ofrecer guías e posibilidades de acción constitúen tamén outro dos sinais de identidade.

XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA

1983 - 2008



Na etapa reiniciada ás portas do 2006, co impulso aportado por Xosé Lastra, emprendeuse unha notable actualización de contidos e seccións, como por igual da imaxe gráfica, abrindo a porta a unha visión máis ampla da sociedade que educa, da educación inclusiva e con acollida dos retos que presentan os novos planos familiares, a interculturalidade ou a dixitalización da información.

Os 42 números da *Revista* reúnen, entre nós, moi probablemente o mellor depósito informativo de libros de pedagogía anotados, de libros de literatura infantil, de documentos e guías aparecidos nestes 22 anos ao servizo da educación e da súa reforma. Probablemente tamén o mellor depósito de hemeroteca e de noticias sobre a vida e a problemática educativa en Galicia.

A lexislación anotada e ás veces valorada, a patente preocupación por reflectir unha pedagogía democrática integradora das diferenzas, promotora da igualdade e da solidariedade, o interese por diversos aspectos culturais, pola educación lingüística ex-

terior, polo desenvolvemento da acción psico-pedagóxica e orientadora, a información sobre as perspectivas sindicais en Galicia, sobre os movementos e colectivos de renovación pedagóxica españois e galegos, e a preocupación pola figura do profesor investigador e protagonista dos procesos da ensino-aprendizaxe, configuran asemade o conxunto de aspectos variados presentes na *Revista Galega de Educación*.

Xunto a eles, o grafismo, a imaxe, as fotografías recuperadas, a cartelística e capas varias reproducidas, contribúen a informar e a dar algunha permanencia ás preocupacións e miradas estéticas do tempo que vivimos.¹²

Máis de 400 nomes de profesoras, profesores, técnicos da educación deste País, que exercitan o seu oficio desde a Universidade, a Administración, as escolas, os centros universitarios..., dando vida colectiva a este intento colectivo. E guiando a nao educadores como Manuel Bragado, onte¹³, ou Suso Rodríguez, hoxe, xunto a outros ligados en distintos momentos de onte e de hoxe ao Consello de Redacción¹⁴, co

12 - Cómpre sinalar que tanto por motivos de reestruturación empresarial en Edicións Xerais de Galicia, como de funcionamento do Consello de Redacción, a RGE, que pasou por momentos dalgunha inestabilidade, só editou dous números (o 31 e o 32) en 1998, e un (o 33) en 1999, enmudecendo de seguido. A non posibilidade de continuarse esta edición obrigou tanto a buscar outro soporte editorial, como a recompoñer o equipo redactor; diversos motivos retardaron o reinicio editorial que se produciu en decembro de 2005 e desde a propia Nova Escola Galega. O deseño e maquetación deste 34 a cargo do profesor Manuel López, deu paso a un novo e luminoso deseño realizado pola empresa de comunicación Acordar.

13 - A unha primeira configuración colexiada do Consello de Redacción en 1983, seguiuille a fin de 1991 unha renovación de tal Consello, aparecendo Manuel Bragado, como Director, e Antón Costa, como Secretario, e así se mantivo ata 1999. No reinicio de fin de 2005 foi electo como novo Director o profesor Xesús Rodríguez.

14 - Xosé R. Lago Martínez, M. Janeiro, Rafael Ojea, Luís Otero, Xosé M. Barreiro, Suso Jares, X. Ramón Bernárdez, Antón Costa, Carme Díaz Simón, Manuel G. Seoane, Xulio Pérez, Xosé Ramos, Miguel Vázquez Freire, Francisco Veiga, Helena Zapico, Ana Pose.

auxilio dun máis amplo Consello Editorial, co acompañamento en todo este período de maquetistas¹⁵, de fotógrafos e ilustradores¹⁶, colaboradores todos precisos, entusiastas e comprensivos.

Este é un pequeno balance dun valioso traballo.

Como consecuencia de 25 anos de actividades, Nova Escola Galega editou un considerable número de cartaces (93), e dípticos/trípticos e tarxetóns (180), sendo as series máis numerosas as de Educación para a Paz, Escolas de Verán, Normalización do Galego e Pé de Imaxe, nunha gama de 20 temas diferentes.

5.7. PARTICIPACIÓN EN CAMPAÑAS E ORGANIZACIÓN DE EXPOSICIÓNS

Sumariamente é ben deixar constancia da participación da Asociación en diversas iniciativas de sensibilización social, sobre todo en relación coa defensa da escola pública, a galeguización (en apoio de APADEL, a asociación de pais/nais polo galego na educación, 1985; ou en colaboración coa Mesa pola Normalización e outras instancias), a es-

colas nos contextos rurais, os dereitos humanos (por exemplo, a Marcha mundial contra o traballo infantil, 1998), ou as máis recentes impulsadas polo Foro Social europeo, a través case sempre da concertación entre diversos colectivos e organizacións sindicais.

Dende a Asociación promovemos diversas exposicións, entre as que sinalamos as seguintes:

1986

Exposición da Biblioteca B. Russell de Educación para a Paz, na Coruña.

1991

Exposición itinerante sobre Ferrer i Guardia.

1993

Exposición sobre os 10 anos de NEG. Escola de Maxisterio de Santiago.

1997

Exposición Construír a Paz: presenza en toda Galicia.

2003

20 anos de NEG no Museo do Pobo Galego.

2006

Museos e Educación Itinerante.

É de notar a alta resonancia social que acadaron as dúas últimas sinaladas.

XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA

1983 - 2008

15 - En particular, Salvador Pereira, Xan Leira, Diana Reiter, Gairí Barreiro,

16 - En particular, M. Sendón, Vicente, Cal 3, Celina, Marga Sampaio, Pepe Carreiro, Andrade, Xosé Tomás e Xosé M^o Mesias Lema, asesor de identidade visual a partir do número 36.

6. RELACIÓNS EXTERNAS E COMUNICACIÓN SOCIAL

6.1. NOVA ESCOLA GALEGA E OUTROS COLECTIVOS GALEGOS DE RENOVACIÓN PEDAGÓXICA

Existe unha precaria interrelación entre os diversos colectivos galegos de profesorado autodenominados como Movements de Renovación Pedagóxica. En 1988 houbo unha primeira intención de constituír unha Mesa de MRP en Galicia, que pouco máis tarde se esfarelou. En xuño de 1994 constituíuse legalmente a Coordinadora Galega de MRP, formada pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega (ASPG), a Escola de Verán de Lugo, o Instituto Galego de Socio-Pedagogía (IGSP) e por nós mesmos (NEG), aínda que a dinámica de conxunto ata o presente ten sido limi-


tada. Exerceron a presidencia da Coordinadora Galega os asociados de Nova Escola Galega Xosé Lastra Muiruais e Pepe Álvarez Castro, quen mantiveron unha continua presenza a escala estatal nas reunións da Confederación de MRP.

En 1998 no seu seo constituíronse tres Mesas Técnicas: de educación infantil, de educación secundaria e de escola rural, como consecuencia do encontro de coordinación celebrado na Granxa Barreiros (Sarria) o 10 de maio de 1997.

Logo de varios cursos de apoio a estas e outras estruturas organizativas colectivas e logo da valoración dos nosos esforzos e os doutras organizacións, Nova Escola Galega optou ultimamente por dedicar máis esforzos ao traballo organizativo na propia Asociación.

XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA

1983 - 2008



6.2. NOVA ESCOLA GALEGA E A CONFEDERACIÓN ESTATAL DE MRP. PRESENZA INTERNACIONAL


En todo este período houbo unha participación ordinaria e constante de representantes de Nova Escola nas actividades de encontro, de debate e de coordinación convocadas pola Confederación Estatal, destacando a participación representativa no órgano directivo da Confederación e a presenza en case 20 Encontros Estatais de carácter anual, como o último celebrado en novembro de 2008 en Úbeda (Jaén), así como a presenza de Delegacións numerosas nos II e III Congreso dos MRPs celebrados res-

pectivamente en Gandía (1989) e Torremolinos (1996). Cabe destacar que Nova Escola Galega levou a cabo a organización do pre-congreso de Torremolinos e do XXII Encontro Estatal de MRP no ano 2006 en Santiago de Compostela, coa participación de cen ensinantes, de todo o Estado.

De modo estábel veuse participando na Mesa de Interculturalismo e de Currículo. Hai tamén presenza na de Escola Rural, aínda que neste caso en nome da Coordinadora Galega de MRP. Ao mesmo tempo tamén participamos en varios momentos na Coordinadora Estatal de Grupos de Educación para a Paz e en diversos Congresos do MCEP (Movemento Cooperativo de Escola Popular), así como esporadicamente en iniciativas de alcance internacional da Federa-

XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA

1983 - 2008



Boletín interno • novembro 1996

III CONGRESO MRP XORNADAS TÉCNICAS. SANTIAGO XULLO 96



Baixo a coordinación do noso compañeiro Xosé Larra Mañá, representante da Comisión Galega de MRPs na Confederación Estatal, celebráronse en Santiago as Xornadas Técnicas de preparación dos Documentos Base do III Congreso Estatal de MRP a celebrar en Torremolinos entre os días 5 e 7 de Nadal 96.

Os catroce compañeiros da Confederación Estatal encontraron o acollemento de Nova Escola Galega ao longo de catro días de intenso traballo de revisión de todas as propostas elaboradas en todo o Estado, ata alcanzar o Documento final. Catro días tamén de convivencia e de aproximación á realidade socio-cultural galega.

DOCUMENTOS BASE
NÚCLEOS DE DEBATE



3ER CONGRESO



Santiago, España - 11

Revista Galega de Educación

nova escola galega 6

ción Internacional de Movements de Escola Moderna (FIMEM), á que pertence a nosa Asociación dende os anos noventa.

6.3. NOVA ESCOLA GALEGA E OUTRAS ORGANIZACIÓNS DE GALICIA

A pesar do noso interese, non teñen sido de importancia as relacións nin coa Confederación Galega de ANPA

de Centros Públicos, aínda que existan relacións de cordialidade e presenza nela dalgúns asociados e asociadas de NEG, nin tampouco coas organizacións sindicais do ensino. O asinamento dun Protocolo de Colaboración en 1993, con ocasión do X Aniversario de Nova Escola Galega (no seo da que existen afiliados de case todas as organizacións sindicais do profesorado), coa CIG, con CCOO e co STEG, non conduciu, alén dalgunhas valiosas implicacións persoais, á realización dunha colaboración notábel da parte das organizacións sindicais. Nova Escola comezou a primeira efectivización de acordo a través do impulso á Plataforma en Defensa do Ensino Público (1994), sendo as tensións sindicais as que dificultaron a súa estabilidade e dinámica. Aínda así, foron varias as iniciativas realizadas.


Con máis eficacia se desenvolveu a nosa participación na Plataforma polo Ensino en Galego, conformada arredor da Mesa pola Normalización. De modo puntual ten habido relación con Cruz Vermella, Amnistía Internacional, Fundación 10 de Marzo, Federación de APAs de Vigo e O Morrazo, tendo tamén participado en 2006 na Asemblea Constituínte da Asociación Punto Gal.

Desde o ano 2005 desenvolveuse un crecente traballo de colaboración co CEESG (Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia).

6.4. A PARTICIPACIÓN INSTITUCIONAL

Nova Escola Galega vén participando a través dos seus representantes nalgúns Consellos Escolares municipais (Vigo, A Coruña, Santiago, Ferrol, Redondela, Narón), no Consello Escolar de Galicia e fíxoo nos Consellos Directivos dos CEFOCOP a partir de 1995. Cómpre salientar a destacada participación dalgún dos nosos asociados e asociadas na elaboración do estudo técnico para o primeiro informe sobre a situación do sistema educativo (curso 1992-93) aprobado polo Consello Escolar de Galicia e noutros posteriores. Nestes últimos anos, NEG foi chamada para participar na elaboración do anteproxecto da Lei galega integral contra a violencia de xénero, do Plan de Familias e tamén na elaboración do curriculum 0-3, no marco das correspondentes comisións creadas para esas finalidades por parte da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Igualmente tivemos presenza no Foro sobre a Cidade da Cultura, convocado pola Consellería de Cultura e Deporte.

Cabe sinalar tamén que diversos asociados desempeñan ou desempeñaron responsabilidades directivas en centros escolares de niveis non universitarios, nos Decanatos de Facultades de Educación de Santiago,



de A Coruña e Ourense, na anterior Escola de Maxisterio de Santiago, no Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago, ou en CEFORE, caso por exemplo do de Ferrol. Algúns desempeñan a súa función á fronte de servizos municipais da educación, desde os que se promoven importantes actividades educativas co selo da renovación. Noutra orde de cousas, hai que destacar a moi importante participación dalgúns en actividades, mesmo directivas, relacionadas co mundo editorial galego.

Asináronse convenios coas Facultades de Educación de A Coruña, Ourense e de Santiago para o recoñecemento das nosas actividades de formación e a formación de alumnado en período de prácticas.

7. INICIATIVAS SINGULARES

Ao longo dos 25 anos de Nova Escola Galega leváronse a cabo distintas iniciativas singulares. Así, na distancia poderíamos sinalar a homenaxe que en Nadal de 1985 lle tributamos ao profesor Gonzalo Anaya en Compostela, a quen a título póstumo a Universidade de Santiago lle vén de conceder a insignia de ouro o 25 de novembro de 2008. Algunhas personalidades de relevancia internacional ou española no campo pedagóxico teñen intervido en Galicia da man de Nova Escola Galega dende hai 20 anos.

Como iniciativas máis recentes podemos sinalar:



■ A recuperación en 1997 da **Biblioteca** particular do inspector-xefe da provincia da Coruña no tempo da IIª República, **D. Manuel Díaz Rozas**, quen foi o Director da Sección de Pedagogía do Seminario de Estudos Galegos (SEG), en colaboración co Instituto Galego de Información promovido por Sargadelos. A biblioteca, interesantísima desde o punto de vista psico-pedagóxico, é o mellor patrimonio bibliográfico histórico-pedagóxico existente en Galiza.

■ Con ocasión do **Centenario da Pedagogía Freinet**, celebráronse durante 1997 varias actividades de difusión desta orientación pedagóxica, con varios encontros e publicacións, estando entre estas a edición en galego do texto **Técnicas Freinet da Escola Moderna**, o primeiro “clásico” pedagóxico editado na nosa lingua.

■ Contribución decisiva á celebración das Mostras de Ensino en Ferrol dende o ano 2000.

■ Apoio a diversas **iniciativas de conmemoración** dos 150 anos da creación da Escola Normal Superior por parte da Facultade de Ciencias da Educación en Santiago.

■ Contribución ao desenvolvemento dos respectivos **Día das Letras Galegas**, con particular intensidade no ano 2001, dedicado ao Padre Sarmiento.

**ACTO DE NOMBRAMENTO de
SOCIOS DE HONRA de
NOVA ESCOLA GALEGA**

Día 13 de Abril, Conferencia no ATENEO, ás 7 da tarde:

**"Aportacións de Lorenzo Luzuriaga aos debates
sobre a instrución pública en España".**

— **Por Herminio Barreiro** —

**Profesor Titular de Historia de Educación na
UNIVERSIDAD de SANTIAGO.**

CENA: ás 9 da noite, a que poderá adherirse na
persoas que previamente retiven a súa invitación
no Ateneo ou no secretariado local da Asociación.

CAIXA OUBENSE

N.E.G. volta de si

PRESTIGE

FORO SOCIAL IBÉRICO POLA EDUCACIÓN

Meio Cento



- Integración de Nova Escola Galega na **Plataforma Nunca Máis**, con ocasión do desastre ecolóxico do **Prestige** e apoio ás diversas iniciativas da Plataforma, incluíndo a cadea humana celebrada na Costa da Morte o 22 de xaneiro de 2003 e a celebración nos centros de educación da Semana Negra.
- Colaboración co Servizo Municipal de Educación do Concello de Santiago para a convocatoria en 2003 da primeira edición dos **Premios Educa Compostela** a favor da innovación, a calidade da educación e a renovación pedagóxica.
- No ano 2003, co apoio da Consellería de Cultura (para a realización da distribución) entregáronse como doazón 200 coleccións –case completas– da *Revista Galega da Educación* (números 1-33) a outras tantas Bibliotecas públicas de Galiza.

- Campaña de apoio á candidatura do profesor Xesús Rodríguez Jares como Premio UNESCO de Educación para a Paz 2005.
- Sinatura da adhesión de NEG á iniciativa Punto Gal, para a consecución do dominio galego.gal, e participación na asemblea constituinte (2006).
- Ano da memoria: participación activa en varias actividades relacionadas co Ano da memoria histórica. No acto da propia Asemblea do 2006, na Escola fusilada, Xornadas sobre educación, cultura e república, A Galiza de Manuel Luís Acuña no ano da memoria histórica, e o número 13 de Vieiros da escola, sobre a memoria, entre outros.
- Apoio ás iniciativas de Ponte nas ondas a prol do recoñecemento pola UNESCO do patrimonio inmaterial galego-portugués.

8. EN LEMBRANZA E HOMENAXE DO PROFESORADO. 1936

O ano 2006 foi declarado como Ano da Memoria. Dende Nova Escola Galega participamos activamente na recuperación da memoria de quen foran docentes represaliados en distinto grao e mesmo ata a morte polo seu comportamento responsable, profesional e democrático. Fixémolo ademais aportando importantes datos de investigación, e mediante a intervención en actos, que mesmo chegaron a 2008.

Tamén na honra deles, o 18 de Febreiro de 2006 aprobamos a declaración que se reproduce:

“Sendo conscientes da necesidade de fortalecer os desexables piares dun ensino público, democrático, renovado, galeguizado e laico, como o modelo máis acaído para garantir un desenvolvemento educativo pleno para todos e todas, Nova Escola Galega quere renovar este compromiso que é a súa razón de ser, con ocasión da XXII Asemblea anual ordinaria da asociación.

Como movemento de renovación pedagóxica nacemos en resposta a iniciativas organizativas constantes emprendidas desde 1975, pero tamén nacemos coa consciencia de formar parte dunha tradición de reflexión e de intervención pedagóxica marcada polos impulsos máis pro-

gresivos do movemento internacional da Escola Nova, e polas accións e esperanzas de reforma escolar e social que cultivaron tantas e tantos ensinantes antes e, singularmente, durante o tempo da IIª República, tal e como plasmamos en diversas iniciativas nestes anos.

Perseguindo pacificamente tales ideais a prol da construción dunha sociedade democrática e xusta, moitos daqueles profesores pagaron coas súas vidas ese seu compromiso vital e social, cando o sanguento levantamento militar franquista anticonstitucional e antirrepublicano tivo lugar, en 1936, hai pois 70 anos. En pagamento recibiron a morte, o esquecemento provocado ou unha memoria ignominiosa. Con toda a inxustiza do mundo e mesmo coas eclesiásticas bendizóns.

Eles eran, sen dúbida, os que ían por diante dos nosos compromisos de hoxe, os que levaban as bandeiras da utopía, na fronte unha estrela e no bico un cantar, e por iso debemos ter tamén unha acordanza nobre, respectuosa e de recoñecemento cara a eles. Naqueles finais dos anos trinta, máis de 80 ensinantes foron asasinados de modo vil. É do caso que deles fagamos algunha memoria: un a un, unha a unha, e

polos seus nomes. Nova Escola Galega, así o quere facer hoxe en Compostela e aquí no Museo Pedagóxico de Galicia, que aínda ten recendos daquelas súas vidas.

Nova Escola Galega demanda da Consellería de Educación e O.U. que en conxunción coas organizacións sociais democráticas vencelladas ao ensino, organice de modo adecuado a debida homenaxe ao profesorado

asasinado como consecuencia do golpe militar franquista, homenaxe que institucionalmente e desde o campo educativo nunca foi realizada en tantos anos de democracia, liberdades e autonomía política de Galicia, deixando memoria dos seus nomes nestes espazo de memoria escolar colectiva dos galegos e galegas que é o propio Museo Pedagóxico de Galicia. Que así sexa.”



XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA

1983 - 2008

9. ASOCIADOS E ASOCIADAS DE HONRA DE NOVA ESCOLA GALEGA

Con ocasión da conmemoración dos 50 anos de proclamación da IIª República, en 1986 a Asociación, querendo establecer unha ponte co profesorado republicano que nos antecedeu e que loitou por unha escola pública, democrática, científica e laica, nomeou asociados/as de honra ás seguintes persoas, case todos de Ourense:

- Baltasar Vázquez
- Armando Fernández Mazas
- Viúvas de Abel Carbajales e de Luís Acuña
- Eladio Marcos Rodríguez
- Herminio Barreiro (pai)
- Julio Conde Ansias
- Carmen Conde Ansias
- Xosé Sueiro Martínez
- Raúl González

En 1993, con ocasión dos dez anos de Nova Escola Galega foron nomeados socios e socias de honra igualmente:

- Avelino Pousa Antelo
- Luís Taboada Camoeiras
- Gregorio Sanz García

Renovamos en 2003 este proceder nas persoas de:

- Antía Cal Vázquez
- Dolores Pumariño Vilela
- Dolores Rodríguez Presedo
- Carmela Iglesias Pérez
- Mariano Guizán Sánchez
- Antonio Vázquez Martín

E facémolo en 2008 con:

- Rosa Liñares García
- Valentín Arias López
- María Luísa De la Torre Gómez
- Xesús Alonso Montero
- Cristina Álvarez Rodríguez
- Xoán Babarro González

10. MANIFESTO DE NOVA ESCOLA GALEGA LIDO EN COMPOSTELA CON OCASIÓN DOS ACTOS DO XX ANIVERSARIO (2003)

UNHA ESCOLA DA CIDADANÍA E DA DEMOCRACIA

A MEMORIA

01 Hai pouco máis de vinte anos que a sociedade galega comezaba a dar os seus primeiros pasos como nacionalidade histórica e Comunidade Autónoma cun estatuto de autonomía política que abría a porta á proxeción e construción democrática da nosa sociedade, dende nós mesmos.

02 Naquel contexto, novos educadores e ensinantes galegos/as decidimos crear e poñer en marcha en 1983 o Movemento de Renovación Pedagóxica (MRP) NOVA ESCOLA GALEGA, tomando en conta a tradición pedagóxica europea, hispana e galega e tamén as nosas propias experiencias ensaiadas ao longo da anterior década.

03 Era a nosa proposta organizativa o intento de construír un espazo de debate, plural, de formación, de diálogo e de maduración de experiencias e de proxectos de intervención pedagóxica na realidade educativa de Galiza, coa consciencia e a vontade

de querer ser laboriosos operarios intelectuais a prol de poderse dotar dun sistema educativo democrático, público, laico e galego; un instrumento fundamental para poder avanzar cara un modelo social cada vez máis democrático e solidario, á vez que libre. Un instrumento para construír unha sociedade reconciliada coa súa tradición cultural e lingüística, e por iso normalizada arredor da nosa lingua.

04 Naciamos para impulsar unha orientación de profunda renovación pedagóxica, atenta ao desenvolvemento integral das persoas, poñendo o acento, en particular, nas necesidades educativas e formativas das maiorías sociais, e en xeral de todas aquelas persoas con máis dificultades de accesibilidade e de uso do dereito a unha educación de calidade.

05 Na medida das nosas capacidades fomos dando contido intelectual ás anteriores preocupacións a través de distintos e laboriosos documentos, mediante os que perfilamos os nosos puntos de vista. Fixémolo tamén a través de encontros e de publicacións, onde fomos examinando e contrastando algunhas das prácti-

cas pedagóxicas que dan corpo ás nosas propostas, patentizando e xerando significados visíbeis sobre o que é e pode ser hoxe unha nova escola galega.

06 Foi acontecendo isto nun tempo contraditorio; de esperanzas erguidas polos debates e propostas da Reforma educativa española, mais tamén de desilusións por comportamentos políticos e administrativos contrarios ao anterior, que se foron intensificando paulatinamente ata vir dar a posicións negadoras de anteriores propósitos enunciados. Foi acontecendo nun tempo no que nos sentimos acompañados por outros ensinantes galegos e do conxunto do Estado Español, incorporados tamén eles a outros Movementos de Renovación Pedagóxica, cos que compuxemos un valiosísimo tecido feito de coñecemento pedagóxico, de vontade de transformación social, de madurez humana e de algún sentido utópico preciso para abrir horizontes sociais.

07 Hai dez anos aprobabamos o Manifesto “*Que florezan cen escolas novas*” amosando o desexo de ser incitadores de renovación pedagóxica, para que esta se exprese en Galiza con creatividade e de múltiples formas, como manifestación de vitalidade social e educativa.

08 Aquel Manifesto sinalaba que non estabamos satisfeitos co presente (1993), a pesar dos froitos evidentes de nova educación existentes no país. Pero sostiñamos que había un futuro por construír, poñendo alí de relevo as nosas propostas sobre o alcance e o significado da educación pública e institucional, e sobre os requirimentos da súa organización dende as perspectivas dunha sociedade democrática e galeguizada. Con tal consciencia marcábamos tarefas e manifestabamos a nosa vontade de seguir aportando a nosa contribución.

O PRESENTE INSATISFACTORIO

09 Hoxe, no ano 2003, ratificamos as posicións alí manifestadas e a nosa explícita vontade a prol da reforma educativa no contexto dinámico da reforma social.

10 O certo é que nos anos pasados non se camiñou na creación de tantas escolas novas como pediamos. O balance non é feliz. É a década da posta en marcha da Reforma, mais tamén da contrarreforma. Posicións clasistas e conservadoras en primeiro lugar, e aínda tamén a vertixe do futuro, levaron a erguer o balado da Lei de Calidade na Educación, con máis manifestos atrancos que necesarias correccións para garantir o exercicio do dereito á educación.

11 Reduciuse notoriamente e de modo fáctico a capacidade de autonomía pedagóxica, curricular e organizativa no sistema educativo público, que debe ser o eixo vertebrador dos procesos educativos institucionais. Pola contra, incrementouse o poder decisorio no ensino dos sectores que preconizan a súa privatización. E así, estendeuse o discurso da calidade entendida como a xerarquización de excelencias e de fortunas nunha sociedade socialmente desigualitaria. A isto veñen contribuír os itinerarios curriculares cando significan segregación e distribución do alumnado e non atención á diversidade.

12 En conexión co anterior atópase, por exemplo, a conduta da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria cando se distanciou da abordaxe educativa de todo o que o *Prestige* ou a guerra no Iraq concitaban nos centros educativos, desconsiderando as valiosas experiencias educativas de educación ambiental e de educación para a paz, suscitadas por estas realidades conflitivas.

13 Vivimos en tempos no que os ideais educativos e o proxecto de igualdade que permitiu alumar políticas educativas públicas activas están sendo contrarrestados e deslexitimados por poderosas correntes económicas e de opinión favorábeis á

globalización neoliberal. O culto á tecnocracia, a obsesión pola “eficiencia”, a concepción ahistórica da realidade e do coñecemento, a homoxeneización cultural, o relativismo axiolóxico, o militarismo, a fragmentación social insolidaria, ou o discurso cidadán-cliente resoan con poder mediático e mesmo con eco social, en contradición cos ideais educativos aos que nos referimos.

TAREFAS PARA HOXE E MAÑÁ

14 Educamos para unha sociedade laica, democrática, xusta, pacífica e respectuosa coas diversidades, ante o que debemos facer da educación un instrumento social favorecedor da mobilidade social equilibradora, debendo buscar puntos de encontro entre intereses e dereitos potencialmente en conflito. Isto implica unha política activa por parte das administracións públicas, favorecer a participación e a corresponsabilidade, revalorizar o traballo docente e o seu perfil educador, e mesmo a responsabilización educativa das familias.

15 Temos que afrontar dende o ensino a construción dunha identidade cultural e lingüística renovada, en tempos de globalización e de multiculturalismo. O noso ensino debería ser un dos axentes mobilizadores clave para a vitalidade da cultura e da

lingua galega. Esta convición debería levarnos a reabrir o debate sobre os contidos curriculares do noso sistema educativo. Precisamos un proxecto cultural suficientemente claro e definido; del derivarían unha nova e firme estratexia normalizadora da lingua e mesmo un proxecto educativo acorde coas nosas necesidades.

Unha escola galega solidaria cos millóns de persoas que en todo o mundo aínda non teñen satisfeito o seu dereito á educación. Unha escola galega para vivir, crecer como persoas e sermos felices.

16 Non podemos perder de vista a centralidade do suxeito que aprende, coa súa individualidade e coa rede de relacións que o unen á familia e aos diversos ambientes sociais, culturais e territoriais. Tampouco podemos perder de vista que aprendizaxe e socialización, coñecemento reflexivo e emocións a educar, non son elementos a contraponer, senón un todo específico e significativo sobre o que hai que intervir pedagogicamente.

UNHA ESCOLA GALEGA PARA O FUTURO

17 Neste vixésimo aniversario de NOVA ESCOLA GALEGA renovamos o noso compromiso a prol dunha escola galega aberta ao futuro, democrática e plenamente comprometida cos valores da paz, da democracia, os dereitos humanos e o desenvolvemento humano. Unha e mil novas escolas, que se comporten como comunidades de aprendizaxe comprometidas co seu medio social.

11. PROGRAMA

Data: Sábado, 13 de decembro do 2008

Lugar: Museo do Pobo Galego. Santiago de Compostela.

10:00 h.: Benvida e entrega de documentación.

10:30 h.: Inauguración dos actos polo Presidente de NEG e as autoridades convidadas.

11:00 h.: Mesa redonda *Os MRP: o seu papel na actualidade e prospectiva*.

- M^a Dolores Candedo Gunturiz, Vicepresidenta NEG (moderadora)
- Ricard Aymerich, presidente da Confederación Estatal de MRP.
- César Trapiello, en nome do MCEP-FIMEM
- Rui Trindade, en nome do Movimento da Escola Moderna portuguesa.
- Xoán Costa, presidente da ASPG.

12:30 h.: Pausa-café.

12:45 h.: Nomeamento de socios/as de honra: Rosa Liñares García, Valentín, Arias López, María Luísa De la Torre Gómez, Xesús Alonso Montero, Cristina Álvarez Rodríguez e Xoán Babarro González.

13:30 h.: Lectura do *Manifesto dos 25 anos de NEG*.

Presentación das publicacións:


- A normalización lingüística.
- Memoria dos 25 anos de NEG: Alicerces para mañá.
- Documento: A nosa palabra para as novas xeracións de educadores/as.
- Vídeo: Voces de Nova Escola Galega.

14:15 h.: Clausura dos actos polo Presidente de Nova Escola Galega, acompañado de todas as persoas que exerceron a Presidencia de NEG.

- Remate musical a cargo de Xosé V. Ferreirós.
- Ofrenda floral no Panteón de Galegos e de Galegas Ilustres.
- Fotografía dos/as asistentes.

15 horas: Xantar de irmandade.

25 ANOS ANOVANDO APRENDENDO GALEGUIZANDO



XXV ANIVERSARIO DE
NOVA ESCOLA GALEGA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Igualdade



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA